

# 1 Líder




**1 0**


## DE TRES EN TRES

O CD Lugo da División de Honra cadete sumou unha nova vitoria cun solitario gol de Hugo e consolídase no podio da máxima categoría. Na próxima xornada os de Dani Galán visitan Abegondo para medirse cun Deportivo invicto e imbatido nas cinco xornadas disputadas. Malia iso, o segundo posto da clasificación estará en xogo


**2 1**




LIGA GALEGA CADETE

### O Viveiro estrea a conta antes do derbi Provincial

Os cadetes celestes xa saben o que é gañar esta tempada na Liga Galega, competición na que se medirán na próxima xornada á Milagrosa en Friga. Os xuvenís de Antonio Serrano mediranse á Residencia noutro derbi provincial

DIVISIÓN DE HONRA XUVENIL  **1 1** 

**PUNTO DE MÉRITO EN ABEGONDO** O Lugo, que na primeira parte foi superior ao Deportivo, tivose que defender como puido nun tramo final no que os de Juan Subirán remataron con nove xogadores

LIGA NACIONAL XUVENIL  **2 7** 

**EXHIBICIÓN DO RÁcing VILLALBÉS EN AS EIROAS** Os de Cholas, que aínda non gañaran, fixérono por un contundente 2-7 ante O Val. Na próxima xornada reciben ao Choco que dirixe o lucense Alberto Suárez

XUVENIL D. DE HONRA
RESULTADOS
TSK Rocas - R. Santander 2-2
R. Avilés - Ural 0-0
RC Celta - Sp. Gijón 0-0
Deportivo - CD Lugo 1-1
Conxo - Val Miñor 2-1
Marina Sp. - R. Ferrol 3-0
Calasanz - Bansasder 0-2
At. Perinés - R. Oviedo 1-0

XUVENIL LIGA NACIONAL
RESULTADOS
Choco - EF Lalin 2-0
O Val - RC Villalbés 2-7
UD Ourense - Porriño 0-0
Victoria - CD Arosa 0-1
Pabellón - Alondras 2-0
Pontevedra - RC Celta B 0-3
Valladares - Ourense CF 1-2
CD Lugo B - Val Miñor B 3-0
R. Bouzas - Deportivo B 3-3

XUVENIL L. GALEGA NORTE
RESULTADOS
Orillamar - Conxo B 1-3
Estrada - Montañeros 0-0
Victoria B - Dumbria 2-4
Calasanz B - Ural B 3-2
Viveiro - As Pontes 2-2
Bergantiños - Residencia 6-0
RC Villalbés B - R. Ferrol B 0-1
San Tirso - Compostela 1-2
Boiro - G. Caranza 1-2

CADETE DIVISION HONRA
RESULTADOS
Conxo - Arosa SC 0-0
Val Miñor - San Tirso 2-1
Victoria - Pontevedra 0-4
Bergantiños - Ural 2-2
Pabellón - Bertamiráns 4-1
AJ Lerez - Calasanz 0-5
RC Celta - R. Ferrol 4-0
CD Lugo - X. Oroso 1-0
Coruxo - Deportivo 0-4

CADETE L. GALEGA NORTE
RESULTADOS
Deportivo B - Conxo B 2-0
Estrada - Montañeros 1-3
CD Lugo B - R. Ferrol B 2-0
Calasanz B - Ural B 1-1
Viveiro CF - Bergantiños B 2-1
Dumbria - Milagrosa 3-1
RC Villalbés - Imperator 0-0
San Tirso B - Compostela 0-3
Boiro - G. Caranza 2-1

INFANTIL GALEGA NORTE
RESULTADOS
Deportivo - G. Caranza 11-0
Victoria - San Tirso 1-4
CD Lugo - R. Ferrol 4-2
Bergantiños - Ural 1-6
SD Viveiro A - Bertamiráns 1-5
Victoria - Salvora 6-0
Narón - X. Oroso 1-2
Calasanz - Montañeros 1-1
EF Lalin - Conxo 0-5

CLASIFICACIONES
Equipo PTS X G E P GF GC
RC CELTA 13 5 4 1 0 10 4
REAL OVIEDO 12 5 4 0 1 13 3
SPORTING GIJÓN 11 5 3 2 0 15 2
RC DEPORTIVO 10 5 3 1 1 10 3
R.SANTANDER 10 5 3 1 1 9 6
BANSANDER 10 5 3 1 1 6 3
ED VAL MIÑOR 7 5 2 1 2 8 6
CD LUGO 7 5 2 1 2 8 10
ATL PERINES 6 5 2 0 3 4 14
URAL CF 5 5 1 2 2 4 7
CONKO SANTIAGO 5 5 1 2 2 4 9
TSK ROCES 4 5 1 1 3 8 10
RACING FERROL 4 5 1 1 3 6 10
REAL AVILES CF 4 5 1 1 3 4 10
MARINA SPORT 3 5 1 0 4 5 11
CD CALASANZ 1 5 0 1 4 2 8

CLASIFICACIONES
Equipo PTS X G E P GF GC
R.C.CELTA "B" 15 5 5 0 0 17 3
PABELLON C.F. 13 5 4 1 0 14 5
C.D. CHOCO 13 5 4 1 0 8 1
C.D. LUGO "B" 10 5 3 1 1 10 9
U.D. OURENSE 8 5 2 2 1 11 10
OURENSE C.F. 8 5 2 2 1 11 10
RAPIDO BOUZAS 7 5 1 4 0 9 6
PONTEVEDRA 7 5 2 1 2 9 9
ALONDRAS C.F. 7 5 2 1 2 8 9
VALLADARES 7 5 2 1 2 9 11
C.D. AROSA 6 5 1 3 1 8 8
DEPORTIVO "B" 4 5 1 1 3 15 13
RC VILLALBES "B" 4 5 1 1 3 12 14
VICTORIA C.F. 4 5 1 1 3 5 8
S.D. O VAL 4 5 1 1 3 6 15
E.F. LALIN 3 5 1 0 4 5 14
VAL MIÑOR "B" 2 5 0 2 3 1 11
PORRIÑO C.F. 1 5 0 1 4 4 10

CLASIFICACIONES
Equipo PTS X G E P GF GC
MONTAÑEROS C.F. 13 5 4 1 0 10 4
C.D. CONXO "B" 12 5 4 0 1 18 7
URAL C.F. "B" 10 5 3 1 1 14 6
C.D. BOIRO 10 5 3 1 1 9 4
S.D. COMPOSTELA 10 5 3 1 1 9 5
C.D. AS PONTES 10 5 3 1 1 10 8
G. CARANZA 10 5 3 1 1 9 7
CALASANZ "B" 9 5 3 0 2 10 10
R. FERROL "B" 7 5 2 1 2 5 8
C.F. DUMBRIA 6 5 2 0 3 10 10
VILLALBES "B" 6 5 2 0 3 6 7
BERGANTIÑOS 4 5 1 1 3 9 7
VICTORIA C.F. "B" 4 5 1 1 3 7 11
ORILLAMAR S.D. 4 5 1 1 3 4 8
VIVEIRO C.F. 4 5 1 1 3 8 22
SAN TIRSO S.D. 3 5 1 0 4 7 8
ESTRADA FB 3 5 0 3 2 6 10
S.D. RESIDENCIA 3 5 1 0 4 4 13

CLASIFICACIONES
Equipo PTS X G E P GF GC
R.C.CELTA S.A.D. 15 5 5 0 0 29 3
R.C. DEPORTIVO 15 5 5 0 0 21 0
C.D. LUGO 12 5 4 0 1 8 2
PONTEVEDRA C.F. 10 5 3 1 1 13 8
URAL C.F. 10 5 3 1 1 8 8
PABELLON C.F. 9 5 3 0 2 9 7
C.D. CONXO 8 5 2 1 2 6 6
SAN TIRSO S.D. 7 5 2 1 2 9 16
BERGANTIÑOS C.F. 6 5 1 3 1 9 9
VICTORIA C.F. 6 5 2 0 3 9 12
E.D. VAL MIÑOR 6 5 2 0 3 8 11
CORUXO F.C. 5 5 1 2 2 7 10
AROSA S.C. 4 5 1 1 3 7 11
C.D. CALASANZ 4 5 1 1 3 6 11
RACING FERROL 4 5 1 1 3 4 14
BERTAMIRANS C.F. 3 5 1 0 4 3 22
X. OROSO 2 5 0 2 3 4 9
A.J. LEREZ 1 5 0 1 4 2 13

CLASIFICACIONES
Equipo PTS X G E P GF GC
MONTAÑEROS C.F. 15 5 5 0 0 17 1
DEPORTIVO "B" 13 5 4 1 0 14 2
S.D. COMPOSTELA 12 5 4 0 1 11 4
URAL C.F. "B" 10 5 3 1 1 12 5
BOIRO 10 5 3 1 1 10 6
C.D. LUGO "B" 9 5 3 0 2 8 8
R. FERROL "B" 8 5 2 2 1 7 7
C.D. CONXO "B" 7 5 2 1 2 7 7
BERGANTIÑOS "B" 7 5 2 1 2 8 9
IMPERATOR 7 5 2 1 2 4 6
GALICIA CARANZA 6 5 2 0 3 7 9
SAN TIRSO S.D. "B" 5 5 1 2 2 5 7
CALASANZ "B" 4 5 0 4 1 5 7
MILAGROSA 4 5 1 1 3 3 7
VIVEIRO C.F. 4 5 1 1 3 4 17
RC DUMBRIA 3 5 1 0 4 5 23
RC VILLALBES 1 5 0 1 4 5 12
ESTRADA FB 1 5 0 1 4 5 15

CLASIFICACIONES
Equipo PTS X G E P GF GC
R.C. DEPORTIVO 15 5 5 0 0 37 3
BERTAMIRANS F.C. 15 5 5 0 0 15 2
VICTORIA C.F. 12 5 4 0 1 17 6
C.D. CONXO 12 5 4 0 1 15 4
C.D. LUGO 12 5 4 0 1 13 6
X. OROSO 12 5 4 0 1 12 5
URAL C.F. 9 5 3 0 2 16 10
SAN TIRSO S.D. 9 5 3 0 2 15 12
NARÓN O FREIXO 6 5 2 0 3 8 10
GALICIA CARANZA 6 5 2 0 3 7 10
R.F. LALIN 6 5 2 0 3 8 22
RACING FERROL 4 5 1 1 3 13 12
C.D. CALASANZ 4 5 1 1 3 8 9
MONTAÑEROS C.F. 4 5 1 1 3 9 12
S.D. VIVEIRO "A" 4 5 1 1 3 9 16
BERGANTIÑOS C.F. 3 5 1 0 4 5 23
VICTORIA C.F. 0 5 0 0 5 6 15
SALVORA, C.F. 0 5 0 0 5 1 25

PRÓXIMA XORNADA
CD Lugo - Marina Sp. Bansasder - R. Avilés
R. Santander - Deportivo R. Oviedo - Calasanz
Sp. Gijón - TSK Rocas Val Miñor - At. Perinés
Ural CF - RC Celta R. Ferrol - Conxo

PRÓXIMA XORNADA
EF Lalin - R. Bouzas RC Celta B - Pabellón
RC Villalbés B - Choco Ourense CF - Pontevedra
Porriño - O Val Val Miñor B - Valladares
CD Arosa - UD Ourense Deportivo B - CD Lugo B
Alondras - Victoria

PRÓXIMA XORNADA
Conxo B - Boiro Residencia A - Viveiro
Montañeros - Orillamar R. Ferrol B - Bergantiños
Pontevedra - Val Miñor Compostela - Villalbés B
Ural B - Victoria B G. Caranza - San Tirso
As Pontes - Calasanz B

PRÓXIMA XORNADA
Arosa SC - Coruxo FC Calasanz - Pabellón
San Tirso - Conxo R. Ferrol - AJ Lerez
Pontevedra - Val Miñor X. Oroso - RC Celta
Ural CF - Victoria Deportivo - CD Lugo
Bertamiráns-Bergantiños

PRÓXIMA XORNADA
Conxo B - Boiro Milagrosa - Viveiro CF
Montañeros - Deportivo B Imperator - Dumbria
R. Ferrol B - Estrada Compostela - RC Villalbés
Ural B - CD Lugo B G. Caranza - San Tirso B
Bergantiños - Calasanz B

PRÓXIMA XORNADA
G. Caranza - EF Lalin Salvora - SD Viveiro
San Tirso - Deportivo X. Oroso - Victoria
R. Ferrol - Victoria Montañeros - Narón
Ural - CD Lugo Conxo - Calasanz
Bertamiráns - Bergantiños

REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL
NON QUEDES FÓRA DE XOGO, FAITE ÁRBITR@
CURSO DE INICIACIÓN
Formación teórica e práctica
Equipación deportiva completa
Acreditación para entrar en todos os campos de fútbol
Retribución económica
Seguro de accidentes e lesión deportiva
CURSO INTENSIVO DE ÁRBITRO LUGO
Avenida de Breogán, 37 - Entreplanta CP 27004
981 900 600 689097243
lugo.arbitros@futgal.es
www.futga

INFANTIL 1º AUT. NORTE
RESULTADOS
CD Foz - Pontenova 5-4
Burela SD - EF Viveiro 4-1
Rio Ouro - Castro 1-6
RC Villalbés B - Guitiriz 2-2
SD Viveiro B - SD Ribadeo 2-2

INFANTIL 1º AUT. CENTRO
RESULTADOS
Residencia A - Polvorin A 2-0
Sagrado - Piringalla B 4-0
Milagrosa - RC Villalbés A 3-4
Fonsagrada - Casás A 0-2
Ferroviaria A - CD Lugo B 1-3

INFANTIL 1º AUT. SUR
RESULTADOS
CD Corgo - Palas CD 3-5
EF Polvorin B - Antas 0-8
Sarriana - Becerreá 4-5
Piringalla A - Residencia B 2-0

CLASIFICACIONES
Equipo PTS X G E P GF GC
BURELA S.D. 12 4 4 0 0 22 7
S.D. VIVEIRO "B" 10 4 3 1 0 20 4
SD RIBADEO 7 4 2 1 1 30 6
C.D. CASTRO 7 4 2 1 1 13 7
C.D. FOZ 6 4 1 3 0 9 8
PONTENOVA 6 4 2 0 2 16 18
GUITIRIZ S.D. 5 4 1 2 1 8 15
E.F. VIVEIRO 1 4 0 1 3 5 14
RC VILLALBES "B" 1 4 0 1 3 6 28
A.D. RIO OURO 0 4 0 0 4 2 24

CLASIFICACIONES
Equipo PTS X G E P GF GC
RESIDENCIA "A" 12 4 4 0 0 23 11
C.D. LUGO SAD "B" 12 4 4 0 0 20 4
RC VILLALBES "A" 9 4 3 0 1 28 11
EF POLVORIN "A" 9 4 3 0 1 16 8
S.C.D. MILAGROSA 6 4 2 0 2 14 9
C.P. CASÁS "A" 6 4 2 0 2 5 10
FERROVIARIA "A" 3 4 1 0 3 7 9
SAGRADO 3 4 1 0 3 4 17
FONSAGRADA 0 4 0 0 4 4 24
PIRINGALLA "B" 0 4 0 0 4 2 30

CLASIFICACIONES
Equipo PTS X G E P GF GC
PIRINGALLA "A" 12 4 4 0 0 14 2
S.D. ANTAS 9 3 3 0 0 28 2
S.D. BECERREA 9 3 3 0 0 21 4
S.D. SARRIANA 6 4 2 0 2 11 7
PALAS C.D. 6 4 2 0 2 11 11
RESIDENCIA "B" 3 3 1 0 2 6 5
C.D. CORGO 1 4 0 1 3 7 23
FERROVIARIA "B" 1 3 0 1 2 2 20
EF POLVORIN "B" 0 4 0 0 4 3 29

CADETE 1º AUT. NORTE
RESULTADOS
CD Foz - Burela 0-4
SD Viveiro - Lourenza 2-4
RC Villalbés B - Ribadeo 1-5

CADETE 1º AUT. CENTRO
RESULTADOS
Ferroviaria - Piringalla A 0-10
CP Casás - Polvorin A Mañá
Residencia B - CD Castro 2-2

CADETE 1º AUT. SUR
RESULTADOS
Monterroso - Piringalla B 2-0
Becerreá - Sarriana 1-0
Residencia A - Polvorin B 8-0

XUVENIL 1º AUTONÓMICA
RESULTADOS
Residencia B - San Roque ---
Castro - Xove Lago ---
Monterroso - Ribadeo ---
Cospeito - Milagrosa ---
San Ciprián - Sarriana ---

XUVENIL Previa Copa Norte
RESULTADOS
CD Foz - Pastoricense 11-0
Lourenza - Pontenova 5-0
Burela SD - Guitiriz SD 6-2

XUVENIL Previa Copa Sur
RESULTADOS
Corgo - Antas 5-0
Sagrado - Polvorin B 1-1
Taboada - Palas 0-4
Casás - Becerreá 1-13

# O Lugo gustouse por momentos e soubo sufrir no treito final

**GABARRE ADIANTOU AOS LUCENSES EN ABEGONDO** nunha primeira parte de dominio albivermello. Na segunda o Deportivo empatou de penalti e o Lugo rematou con nove xogadores



Árbitro: Sergio Espasandín. Eloy Galán e Manuel Iglesias. Campo: Abegondo - A Coruña

**“MUY BUENA PRIMERA PARTE DEL EQUIPO, QUE SUPO SUFRIR EN LA SEGUNDA INCLUSO JUGANDO CON NUEVE LOS MINUTOS FINALES”**

JUAN SUBIRÁN - Club Deportivo Lugo

Punto de mérito do Lugo ante o Deportivo da Coruña, dirixido polo ex adestrador do CD Lugo, Alex Antón. Puntuar na máxima categoría no Mundo do Fútbol de Abegondo sempre adoita ser sinónimo de satisfacción e nesta ocasión foino, aínda que con moitos matices ao longo dos noventa minutos.

O conxunto lucense estivo cerca e mereceu por momentos os tres puntos, pero tamén tivo que apertar os dentes e defenderse como gato panza arriba para aguantar o empate nos minutos finais, nos que terminaron con nove xogadores tras as expulsións de Gabarre e Losada.

Ata entón os primeiros corenta e cinco minutos foron moi bos por parte dun Lugo que soubo xerar perigo con balón, e tamén defender con orde cando non o tiña.

As mellores sensacións do Lugo nos primeiros minutos confirmáronse co cero a un aos oito minutos. Ernesto fabricou en banda unha xogada na que gañou a liña de fondo, e Gabarre apareceu para rematar ao fondo das mallas o centro do nove lucense.

Antes do descanso o Lugo ata puido ampliar a vantaxe cun man a man escorado de Ernesto ante o porteiro herculino e cun remate de Schuster que se foi fóra por moi pouco.

## 1

### LUCENSE NO DEPORTIVO

O marino Pol Bassa segue medrando na canteira deportivista e partiu dende o once inicial do ex adestrador do Lugo, Alex Antón, ocupando o lateral esquerdo

## 2

**EXPULSIÓN** Losada e Gabarre viron o cartón vermello tras unha pequena trifulca cos xogadores do Deportivo cando o marcador xa era de empate a un, pero con case 10 minutos aínda por disputar

## -3

**PUNTOS** ten o Lugo na táboa tras facerse oficial a alineación indebida ante o Real Avilés, polo que os de Juan Subirán contan agora con 7 tras dúas vitorias, dúas derrotas e un empate nas cinco xornadas disputadas

Esperábase a reacción do Deportivo tralo paso polos vestiaros, e esta fixo acto de presenza á vez que ao Lugo acendíase a luz da reserva polo esforzo físico realizado. O Deportivo estivo máis cómodo con balón e atopou vías para xerar perigo ante Losada, con varias chegadas con



Ernesto pelexando un balón nun encontro xogado no campo da Cheda

perigo ante as que o Lugo mantívose en pé.

O KO chegou co empate a un cando faltaba cuarto de hora para o final, logo de que o colexiado sinalara penalti tras unha caída na área.

O Lugo quedouse sen forzas e sen efectivos para afrontar a recta final do encontro coas expul-

sións de Losada e Gabarre, logo dunha pequena disputa con xogadores do Deportivo. O colexiado engadiu nove minutos e o Lugo atrincheirouse para salvar parte do botín en xogo ata o asubio final.

### Próxima xornada

O Lugo recibirá a próxima fin de semana

ao Mariña Sport, que vén de impoñerse nesta xornada ao Rácing de Ferrol por tres goles a cero, pero que no que vai de tempada aínda non puntuou a domicilio tras perder ante o TSK Roces por dous goles a un e en Abegondo ante o Deportivo por cinco goles a cero.

## 2ª XORNADA DIVISIÓN DE HONRA

### COMPETICIÓN ACEPTOU A RECLAMACIÓN DO AVILES E DALLE POR GAÑADO O ENCONTRO

Esta semana a Xuiza de Competición aceptou a reclamación interposta polo Real Avilés por alineación indebida do Lugo na segunda xornada de Liga. Un partido que os albivermellos gañaron no terreo de xogo por tres goles a cero, pero que nos despachos, á espera de que o club lucense aínda poida reclamar ao Comité de Apelación, perdeu o encontro por cero a tres e como consecuencia restáronse tres puntos na táboa clasificatoria.

O Lugo, a pesar de que comunicara que apelaría a denuncia do Real Avilés se esta se confirmaba, non fixo valer o seu dereito de réplica no prazo outorgado, polo que agora tan só quedaría acatar a resolución

ou interpoñer un recurso ante o Comité de Apelación nas próximas datas.

A alineación indebida quedou constatada na acta do encontro ao realizar os lucenses cinco cambios cando tan só están permitidos catro no regulamento. O quinto cambiou chegou pola lesión Yago e foi o porteiro Demetrio o que actuou os últimos dez minutos como xogador de campo cando o partido entre o Lugo e o Real Avilés estaba xa completamente visto para sentenza co tres a cero que reflectía o marcador. O Lugo non actuou de mala fe nin intentou sacar vantaxe do cambio, pero cometeu un erro que custa tres puntos na clasificación.





Juan Carlos dando un pase co exterior ante dous rivais




Michi disparando a porteria entre dous defensas



Manu desbordando a un rival nun lance pola banda

# Un listón que segue subindo

**O LUGO B IMPÚXOSE CON CLARIDADE AO VAL MIÑOR B** e os de Brais Prados, que enlazan dúas vitorias consecutivas, instálanse no cuarto posto da Liga Nacional. Abegondo será a próxima parada



Árbitra: Jesús López. Alberto Blanco e Marco Antonio Fernandez. Campo: Municipal A Cheda

O Lugo B segue buscando o seu tope esta tempada na Liga Nacional elevando o listón tras xornada con actuacións completas como ante o Val

**“O BO TRABALLO NOS ADESTRAMENTOS REFLECTIUSE NO PARTIDO. TEMOS QUE MANTER ESTA LIÑA DE TRABALLO E ESFORZO”**

BRAIS PRADOS - CD Lugo B

Miñor o pasado sábado na Cheda. Os de Brais Prados chegan lanzados a Abegondo, onde medirán o seu potencial con rival en horas baixas, pero coa intención de asaltar o podio da clasificación ao finalizar a próxima xornada.

A igualdade reinou nos primeiros minutos na Cheda,

pero co paso do partido o Lugo B foi gañando protagonismo. Brian e Herrero amagaron co un a cero, mentres que o Val Miñor tivo a súa mellor ocasión cun disparo desde fóra da área con cero a cero no marcador.

Á media hora de xogo chegou o un a cero, cun roubo de balón de Manu no que se plantou ante o porteiro rival e bateuno cun certo remate.

Antes do descanso o Lugo B ampliou a vantaxe, nesta ocasión cun pase filtrado entre liñas de Manu que enviou ao fondo das mallas Brian, no último



Brian encarando a porteria do Val Miñor B na Cheda

minuto da primeira parte.

Na segunda o Lugo B monopolizou o xogo e puido ampliar a vantaxe cun remate de Rosón ao poste.

antes de que Manu puxese o broche de ouro ao seu partido con golazo desde medio campo no que pillou adiantado ao porteiro visitante.

# O Rácing Villalbés desatouse e fíxolle un sete a 0 Val

**3**


**PRIMEIROS PUNTOS**

O Rácing Villalbés, que tan só puntuara na Coruña tras empatar co Victoria esta tempada, asinou o primeiro triunfo con autoridade na Liga Nacional

**DAVID, CUN PÓKER DE GOLES, DIRIXIU O RECITAL CHAIREGO.** Os de Cholas estrearon a conta de vitorias esta tempada ao grande tras impoñerse en Sinde



David, autor de catro goles, co balón nun partido no Roca



Árbitra: Alejandro Miño. Álvaro García e Cristian Pérez. Campo: Municipal de Sinde

O Rácing Villalbés quítoise un peso de encima ao grande. Os de Cholas chegaban á quinta xornada con ansiedade por sumar a primeira vitoria do curso e fixérono con moita autoridade.

O Villalbés, pese á última derrota en casa, rematou

o encontro ante o Pabellón con boas sensacións e deulle continuidade ao longo dos noventa minutos nesta xornada ante O Val, nun encontro no que debutou na porteria Édgar, que chega procedente da Sarriana.

O plan trazado ao longo da semana era claro: estar

**“LLEGÁBAMOS NECESITADOS Y EL EQUIPO RESPONDIÓ CON UNA GRAN VERSIÓN. A SEGUIR TRABAJANDO PARA QUE LLEGUEN MÁS VICTORIAS”**

CHOLAS - Rácing Villalbés

xuntos en repliegue, roubar e saír á contra por bandas con Speedy. Buján e Anido incorporándose para que nutrisen de balóns a David e Gabriel. O plan saíu ata mellor do esperado, xa que aos catro minutos, o balón chegou a Anido e puxo un bo centro que rematou ao fondo das mallas David cun impecable remate de cabeza para inaugurar o marcador.

Sen marxe para a reacción local, aos dez minutos

chegou o cero a dous cun balón no que se anticipou López e rematou Speedy ao fondo das mallas, e co cero a tres antes do cuarto de hora inicial ao rematar David un novo centro lateral.

O Val tomou algo de osíxeno co un a tres, pero antes do descanso David fixo o un a catro ao transformar un penalti.

Na segunda parte o Villalbés mantivo a firmeza, non se deixou levar en ningún momento e, froito diso, a diferenza foise aumentando co paso dos minutos. David e Gabriel levaron o marcador ata o un a seis, e o dous a sete definitivo asinouno Abel ao transformar un penalti que el mesmo provocou.

Na próxima xornada o Villalbés recibe ao Choco que dirixe o lucense Alberto Suárez coa intención de sumar a súa primeira vitoria no Roca.

**OS MELLORES**

<b>RC VILLALBÉS</b>	
<b>DAVID</b>	👍👍👍👍
<b>ASIER</b>	👍👍
<b>SPEEDY</b>	👍

# Rescatados polo capitán

**XOEL EIJO, CON DOUS GOLES E UN GRAN PARTIDO**, dirixiu a reacción do Viveiro na recta final para empatar o 0-2 co que se adelantara o As Pontes



4

**GOLES** de Xael Eijo noutros tantos encontros disputados esta tempada polo Viveiro. O capitán celeste lonxe de actuar en posicións ofensivas, está sendo o sostén do equipo en ataque

Árbitro: Jorge Michelena; Ángel Ron e Juan Carlos Polo. Campo: Municipal Marcos Gómez

**"ESTÁ CLARO QUE LA LÍNEA QUE MARCAMOS EN LA SEGUNDA PARTE ES EL CAMINO A SEGUIR EN LOS PRÓXIMOS ENCUENTROS"** ANTONIO SERRANO - Viveiro CF

O capitán Xael Eijo saíu ao rescate do Viveiro para sumar un punto nun novo final de partido agónico no Marcos Gómez. Certo é que o Viveiro foi mellor e que ata mereceu os tres puntos en xogo, pero ao minuto 78 chegouse con cero a dous no marcador.

O Viveiro foi mellor desde o asubio inicial, con tres ocasións claras nada máis empezar nas que se puideron adiantar no marcador, pero a efectividade nos primeiros corenta minutos correu a cargo do As Pontes, que se adiantou nunha acción illada tras un contragolpe no ecuador da primeira parte e que se foi ao descanso con cero a dous tras ampliar a conta nunha das últimas accións da primeira parte.

cun golazo de Cristian, ao conectar un potente disparo desde trinta metros ante o que pouco puido facer Pablo.

O Viveiro retirouse aos vestiarios tocado e practicamente afundido polo castigo que reflectía o marcador tras unha primeira parte na que foi mellor. No descanso Antonio Serrano atrasou a posición de Xael Eijo ao centro da defensa, e o Viveiro apostou por unha versión menos vistosa de xogo pero máis compacta.

Diego meteulle o medo no corpo ao As Pontes ao estrelar un balón no largueiro, á vez que fixo crer aos celestes nos puntos. A insistencia



Xael Eijo tras asinar un gol na primeira xornada ante o Conxo B

local tivo premio cun penalti que forzou Diego, que supuxo a expulsión do porteiro visitante e que da defensa, e o Viveiro transformou Xael Eijo.

Cun cuarto de hora por diante o Viveiro insistiu, consciente de que os partidos, por experiencia propia, non terminan ata o asubio final, e nesta ocasión volverón a comprobar.

O As Pontes resistiu o asedio

local ata que no terceiro minuto do desconto, Xael Eijo empatou o partido cun lanzamento de córner directo, quedando a sensación de que si o partido durase cinco minutos máis o Viveiro sumaría os tres puntos.

## Próxima xornada

O Viveiro presentárase na Cheda coa intención de estreir a conta de puntos a domicilio ante un rival tocado.

**Vía crucis para a Residencia na súa visita ás Eiroas**

## DURA DERROTA

dos lucenses, que xa agardan polo derbi para levantar o voo



Árbitro: David Castreje; Carlos Señaris e Oscar Santos

A Residencia naufragou na súa visita ás Eiroas, onde o Bergantiños dominou o encontro con autoridade e goles. O un a cero chegou aos catro minutos e aos vinte de xogo o marcador xa era de tres goles a cero.

O catro a cero chegou no último minuto da primeira parte, e pese a que a Residencia intentou cortar a sangría, no primeiro minuto da segunda parte chegou o cinco a cero.

Pouco despois Adrián Vázquez, que non puido sentarse no banquillo neste encontro tras ser expulsado no derbi co Villalbés B da pasada xornada, realizou tres cambios de vez dando entrada a David Fernández, Pablo de la Iglesia e Lis, cos que a Residencia conseguiu ser un pouco máis compacta. Pese a iso, na recta final o Bergantiños fixo o definitivo seis a cero.

Na próxima xornada os da Cheda reciben ao Viveiro nun novo derbi Provincial no que os puntos xa empezan a ser unha necesidade para non descolgarse para os dous conxuntos.

# A contracorrente dende o inicio



Árbitro: Álvaro Valín; Eduardo Feijoo e Adeloadoad.

O Rácing Villalbés B cedeu os tres puntos en xogo no Roca ante un Rácing de Ferrol B que se puxo o mono de traballo e que, cun gol de rigoroso penalti aos tres minutos, levouse todo o botín en xogo.

A intensidade foi moi alta desde o asubio inicial, cos ferro-

**O CERO A UN** aos tres minutos condicionou o partido no Roca



Buján protexendo o balón ante un defensa nun partido no Roca

lans intensos nas disputas e para como mínimo empatar antes do descanso cun remate de Gabri tras centro de Goás e cunha xogada de Miguel na que quixo pasar o balón en lugar de chutar ante o porteiro ferrolán. Pola súa banda os visitantes, que daban sensación de perigo á

## OS MELLORES

### RC VILLALBÉS B

MIGUEL 2 2 2

DANI 2 2 2

JAVI 2

**"O GOL QUE ENCAIXAMOS NOS PRIMEIROS MINUTOS FÍXONOS IR A REMOLQUE E XOGAR MOI PRECIPITADOS TODO O PARTIDO"**

IVÁN LAMAS - RC Villalbés B

conta cun disparo desde fóra da área.

Con todo por decidir, a segunda parte comezou co Villalbés B envorcado en busca do empate, pero deixando espazos á contra que puido aproveitar o Ferrol B, ao dispoñer dun remate ao largueiro e outra ocasión clara que salvou Frutos.

Gabri tamén estrelou un balón no poste. Denis, Diego e Buján iniciaron un carrusel de ocasións sen premio que finalizou López nunha chegada na que foi derrubado xusto cando ia rematar, pero nesta ocasión non se estimou oportuno sinalar o punto de penalti na última ocasión de salvar un punto neste partido.



O branquiazul Yago co esférico



Jorge a piques de superar a un rival nun un para un

# O Lugo preséntase en Abegondo pedindo paso

**OS DE DANI GALÁN SON TERCEIROS** teñen a tan só dous puntos ao segundo clasificado e próximo rival, o Deportivo da Coruña



Árbitro: David Pereira, Miguel Pin e Susana Gueimonde Campo: Municipal A Cheda

O Lugo presentarase a próxima xornada en Abegondo coa intención de asaltar o segundo posto da clasificación na División de Honra cadete.

Os de Dani Galán asinaron a súa cuarta vitoria consecutiva ante o Xuventude Oroso, nun encontro no que o seu xogo foi de máis a menos pero no que a dinámica

positiva guiounos ata os tres puntos.

A posta en escena foi boa, levando o peso do partido e plasmando o traballado ao longo da semana no campo, pero faltou fluidez no último pase para xerar máis ocasións de perigo. Pese a iso, o un a cero chegou moi pronto, aos cinco minutos, tras unha rexeite dunha

**“NOS COSTÓ TENER EL CONTROL DEL JUEGO EN LA SEGUNDA PARTE Y POR ESO SE NOS HIZO LARGO EL PARTIDO”** DANI GALÁN - CD Lugo

falta que colgou á área Alesito e rematou ao fondo das mallas Hugo, asinando o seu primeiro gol da tempada, que ao final sería o que decidira o encontro.

O Xuventude Oroso tan só se acercou na primeira parte con algunha acción a balón parado, sen chegar a inquietar a un Víctor que volveu ao once inicial no que debutaron esta tempada Jorge e Andrés e do que se caeu Manel polo golpe que sufriu a pasada xornada, polo que Dani Galán atrasou a posición de Juanma.

Unha xornada máis Galán exhibiu persoal con varios cambios que non mermaron o potencial do equipo nin os resultados.

Xa na segunda parte o Lugo perdeu un pouco o

## 2º

**POSTO EN XOGO** O Lugo, con 12 puntos e terceiro, visita ao Deportivo, con 15, segundo, con pleno de vitorias e que aínda non encaixou un gol no que vai de tempada

control do xogo nos primeiros minutos. O fútbol directo gañou protagonismo ao mesmo tempo que o Oroso creciase ata chegar ao último cuarto de hora, no que os visitantes fixeron sufrir ao Lugo para manter a diferenza no marcador, sumar a súa cuarta vitoria consecutiva e ter a posibilidade de asaltar o segundo posto a próxima xornada.



O albivermello Luisito co balón nunha xogada de ataque



Freire vaise por velocidade nunha xogada por banda

# A Milagrosa difuminouse nun cuarto de hora fatídico

**O DUMBRÍA REMONTOU O CERO A UN** con dous goles ao remate da primeira parte e un ao inicio da segunda



Árbitro: Alberto Baña, Daniel Martínez e Christian Send

A Milagrosa segue sen gañar a domicilio esta tempada tras caer ante o Dumbria por tres goles a un. Os de Madriles adiataronse no marcador cun gol de Diego Cabarcos, pero encaixaron dous tantos ao final da primeira parte e outro ao comezo

**“PUDIMOS HACER EL CERO A DOS EN UN PAR DE OCASIONES, PERO LLEGAMOS AL DESCANSO CON DOS A UNO EN EL MARCADOR”** MADRILES - Milagrosa

escena da Milagrosa fora moi boa, e recompensada no marcador co cero a un de Diego Cabarcos aos doce minutos de xogo tras unha acción marca da casa na que se plantou e bateu ao porteiro local nun man a man.

da segunda, quedándose sen opcións de loitar polos puntos antes de rematar o encontro, con dez xogadores, trala expulsión de Diego Cabarcos na recta final dun partidinho que debutou esta tempada no once titular Bruno Vasco.

Ata entón a posta en

Pouco despois Rafa, cun disparo ao poste e un novo man a man de Diego, estiveron a piques de ampliar a distancia. Con todo o Dumbria saíu con vida dos seus peores minutos e na recta final da primeira parte deulle a volta ao marcador con dous goles.

Nada máis empezar a segunda parte chegou o tres a un que complicaba as cousas para unha Milagrosa que puido meterse de novo no partido con ocasións de Rafa, Brais e David, pero o tres a dous non chegou.

Na recta final, a falta de tres minutos, Cabarcos foi expulsado, polo que se perde o derbi da próxima xornada ante o Viveiro en Frigas.

# O Villalbés estrea a conta e confirma as boas sensacións

**PRIMEIRO ENCONTRO COA PORTERÍA A CERO.** Os de Jandro Novoa seguen medrando, agora dende os puntos



Árbitro: Iván Prado, Antón Llenderozas e Álex Cillero

O Rácing Villalbés confirmou co primeiro punto da tempada a liña ascendente que viñan tendo os de Jandro Novoa neste inicio de Liga, no que os goles encaixados eran un lastre para loitar polos puntos.

Ante o Imperátor

**“EN ESTE PARTIDO ME QUEDO CON EL TRABAJO DEFENSIVO DE TODOS LOS JUGADORES A LO LARGO DEL ENCUENTRO”** JANDRO, RC Villalbés

estivo cómodo no campo, ata que os herculinos estrelaron un balón no largueiro ao finalizar unha contra coa que lle meteron o medo no corpo a un Rácing que, con todo, tivo unha clara ocasión para o un a cero ao filo do descanso, cun remate de Hugo no primeiro pau á saída dun córner que se foi fóra por moi pouco.

Tralo descanso o Imperátor intentou levar o peso do partido e fixoo, pero cun dominio estéril ante o bo posicionamiento dun Villalbés que buscou as contras para crear perigo. Martín tivo o un a cero cun disparo desde dentro da área e o Imperátor cun perigoso remate desde a frontal, polo que o reparto de puntos final semella o máis xusto tralo sucedido ao longo dos oitenta minutos

**OS MELLORES**

**RC VILLALBÉS**

**HUGO** 2 2 2

**ALBERTO** 2 2

**NOEL** 2

Na primeira media hora o Villalbés no Roca.

# O Viveiro remonta na segunda parte e saborea a primeira vitoria

**HUGO E JAVI ASINARON OS GOLES** dos celestes nun encontro no que foron de menos a máis ante un Bergantiños B que se adiantou, pero que rematou pechado no seu campo

VIVEIRO CF		2 1		BERGANTIÑOS B	
Goles: Hugo e Javi				Gol: Martín	
DANI	MARCOS	ALEJANDRO	JOSE	Victor	
VEIGA	HUGO	LUIS	PABLO	David	
JORGE	BOIXET	ADRIÁN	RUBÉN	JAVIER	ENRIQUE
CARLOS	JAVI	Teshome	BORJA	MARCOS	Mario
LUCAS	BRUNO	Mendoza	MARTÍN	Saúl	MARTÍN

Árbitro: Gabriel Polo. Ángel Ron e Juan Carlos Polo. Campo: Municipal Marcos Gómez

Fixose de rogar en exceso, pero a primeira vitoria da tempada para o Viveiro xa chegou. O nivel de xogo do conxunto que dirixe Sergio Iglesias, sobre todo en casa, estaba por encima dos resultados, xa que ante o Conxo B na primeira xornada os tres puntos se esfumaron na última xogada. Ante o Rácing de Ferrol, pese a empatar, o Viveiro mereceu máis e á

# 1

**EXPULSIÓN** Alejandro Mendaña non poderá xogar derbi da próxima xornada ante a Milagrosa tras ver o cartón vermello na segunda parte

terceira, ante o Bergantiños B, cando chegou a merecida recompensa da vitoria.



Os xogadores do Viveiro celebrando un gol no Municipal Marcos Gómez

A primeira parte foi de tinteio ata que os visitantes abriron o tarro das hostilidades co cero a un na súa primeira e única chegada con perigo aos dominios de Jorge, que

## OS MELLORES

### VIVEIRO CF

ADRIÁN

HUGO

MARTÍN

debutou no once e que non puido facer nada no man a man no que lle superou un dianteiro visitante.

Ao Viveiro faltoulle agresividade no xogo durante algunha fase da pri-

meira parte, algo que Sergio Iglesias conseguiu imprimirlle ao equipo no descanso cunha charla coa que cambiou o guiñón do encontro.

O Viveiro presionou en campo rival tralo paso polos vestiarios, metendo ao Bergantiños B no seu campo

**"FELICITO AL EQUIPO POR EL GRAN TRABAJO QUE REALIZÓ. TARDE O TEMPRANO SABÍAMOS QUE LLEGARÍA LA RECOMPENSA DE LOS TRES PUNTOS"**

SERGIO IGLESIAS - Viveiro CF

e propiciando roubos en campo rival para iniciar un goteo de ocasións coas que chegou a remontada. Aos dez minutos Adrián recuperou o balón, abriu a banda a Lucas e este puxo un bo centro que rematou Adrián. Javi, atento á xogada, aproveitou o rexeite para devolver as táboas ao marcador.

Sen marxe para a reacción visitante, tan só catro minutos despois, Adrián foi derrubado dentro da área tras unha xogada persoal. O penalti transformouno Hugo e o Viveiro púxose por diante, nesta ocasión os celestes non concederon facilidades e mantiveron a vantaxe ata o asubio final.

# O Lugo B segue sen conceder ningunha opción nas Gándaras

**PLENO DE VITORIAS** e ningún gol encaixado nos tres encontros xogados na casa



Dani desbordando a un xogador rival pola banda dereita



Borja rematando a portaría na acción do 1-0 ante Rosón

CD LUGO B		2 0		R. FERROL B	
Goles: Borja (2)					
SERGIO	PÉREZ	RUBÉN	SERGIO		
BUIDE	ROSÓN	GABRIEL	GAEL	DAVID	MARCOS
MARCOS	MANU F.	BORJA	HUGO	ISMAEL	MARCOS
AMIN	RAÚL	Ayman	LÓPEZ	JULIÁN	Mekibib
DANI	MARCO	Andrés	ADRIÁN	JUAN	Mou

Árbitro: José Luis Fraga Torres. Tania María Penabaz e Miguel Rodríguez. Campo: A Cheda

O Lugo B de Antón Méndez séguese mostrando intratable nos partidos disputados en casa, tres en total no que vai de tempada nos que sumaron os nove puntos en xogo sen encaixar ningún gol.

Os tres últimos ante o Rácing de Ferrol B. Unha vitoria fraguada nos pri-

meiros corenta e cinco minutos nos que o Lugo B, cunha presión alta e efectiva, conseguiu xogar en campo rival, roubar balóns e ter un goteo constante de ocasións.

Entre elas as dos goles, ambos por medio de Borja e os dous tras senllas accións similares nas que o Lugo B roubou o balón

**"HA SIDO UN TRIUNFO DE EQUIPO. TODOS LOS JUGADORES ESTUVIERON A UN NIVEL MUY ALTO EN ESTE ENCUENTRO"**

ANTÓN MÉNDEZ - CD Lugo B

en tres cuartos de campo, enlazou ben e o nove albi- vermello neste encontro encargouse de rematar a faena cos dous goles.

Tralo descanso o Lugo B foi menos consistente, sobre todo no cuarto de hora inicial no que os ferroláns meteron aos lucenses no seu campo. Marcos apenas tivo que intervir, pero a sensación de perigo era unha constante.

Pouco a pouco o Lugo B volveuse asentar no terreo de xogo e á contra dispuxo de ocasións para ampliar a vantaxe. Pérez cun man a man no que

# +8

**GOLES A FAVOR** nas tres vitorias do Lugo B noutros tantos partidos disputados como local esta tempada, 5-0 ao Estrada, 1-0 ao Conxo Santiago B e 2-0 ao Rácing Ferrol B

# 1

**VOLTA AO ONCE DE ROSÓN** que se perdeu por enfermidade as últimas xornadas. O dez albi- vermello recuperou o seu posto en mediocampo e con Manu Ferreiro volveu facer unha gran sociedade

non logrou definir ben dispuxo da mellor antes de que se chegase ao tramo final de partido, no que o ritmo foi moito máis baixo e no que o Ferrol B viuse sen forzas para buscar a remontada nas Gándaras.

## Próxima xornada

Se a dinámica do Lugo B é perfecta en casa, aos de Antón Méndez pásalles o contrario lonxe dela, xa que aínda non puntuaron nin puideron facer ningún gol nos dous encontros non que suman outras tantas derrotas esta tempada.

**UN EMBAJADOR CONVERTIDO EN EMIR - Por Emilio Rosanes**

Louis Pasteur, padre de la Microbiología, ya nos había anticipado hace dos siglos que los éxitos no proceden de la casualidad y que la fuerza de la persona reside en su tenacidad.

Esta semana hemos tenido el privilegio de ser testigos de un magnífico ejemplo de la verificación de los postulados de Pasteur con la irrupción de Adrián Ben, con tan sólo veintiún años, en la élite del atletismo mundial.

Si importantes han sido los logros deportivos alcanzados con la mejor posición de la historia del atletismo español en un Mundial o la clasificación de nuestro primer deportista lucense para las próximas Olimpiadas de Tokio, mayor relevancia ha tenido su mediática aparición, haciendo gala de una actitud y una personalidad con la que nos ha sabido transmitir las mejores emociones a los que le hemos seguido, incluidos quienes viven ajenos al deporte o quienes no entendemos de deportes ajenos a porterías y fueras de juego.

Una personalidad cimentada en el mejor escenario en el que puede crecer un deportista para convertir en realidad el camino hacia sus sueños: la sensatez de unos padres absolutamente comprometidos al servicio del mejor equipo: la familia, anteponiendo siempre valores e intereses, y la intervención de entrenadores de base, como Lois Ramallal, en su infancia, velando siempre, desde sus aulas, por priorizar la formación de la persona sobre la del deportista, como Pedro Esmoris y Felipe Martínez, en su adolescencia, para convencer del esfuerzo como mejor herramienta para convertir sueños en realidades, o como Mariano Castiñeira, en su juventud, para pulir los puntos débiles del prometedoro deportista.

Adrián nos ha enseñado que se puede disfrutar compitiendo al máximo nivel con felicidad, alegría, orgullo y pasión; nos ha mostrado un extraordinario ejemplo de tolerancia ante la adversidad al superar rápidamente el revés sufrido en el Europeo sub-23 del pasado mes de julio, en el que cuatro centésimas le apearon de la disputa de la final de 1.500 metros; nos ha enseñado, especialmente en su última carrera, que siempre hay que darlo todo y nunca hay que rendirse; nos ha enseñado que la práctica del deporte de élite es perfectamente compati-



ble con la realización de estudios universitarios con los cuales enfocar, con una óptima formación, su futuro profesional una vez que se apaguen los focos del atletismo.

Nos ha mostrado, de forma repetida, el orgullo de sus raíces, convirtiéndose en nuestro mejor embajador: "Yo no pedí ser de Viveiro, sólo tuve la suerte de nacer allí". Un magnífico ejemplo en un contexto actual en el que nos hemos acostumbrado a presenciar la renuncia de atletas a sus orígenes para defender la bandera de países, como el nuestro, que presumen de medallas conseguidas por la rápida e interesada nacionalización de deportistas de élite.

Desde luego, nos ha dado, a su juventud, una lección de atletismo, de deporte, pero, sobre todo, de cómo afrontar la vida. Dicen que lo importante no es llegar, sino mantenerse. Su actitud frente al deporte y a la vida, junto a su excelente entorno, juegan a favor para saber gestionar perfectamente halagos debilitadores, interesados reconocimientos de éxito y el trabajo del "NO" con el objetivo

de impedir la dispersión de la focalización en los objetivos.

Sus palabras sobre el tartán de Doha a la finalización de la final del Mundial de Atletismo suponen una ejemplar declaración de intenciones: "Trabajar más", fueron sus palabras al ser interpelado por su futuro más inmediato.

Asistiremos, en los próximos días, a múltiples reconocimientos al deportista por parte de organismos e instituciones, pero, sin dudas, el mejor homenaje que podría realizarse sería la decisión de construir unas absolutamente necesarias pistas de atletismo que lleven su nombre. Sería el mayor reconocimiento a una histórica gesta y una extraordinaria referencia para los próximos atletas del futuro.

Viajó un embajador a Doha que vuelve convertido en emir. Tokio se puede ir preparando, llega un lucense con las maletas cargadas de ilusión para disfrutar de la próxima cita olímpica, y además de Viveiro.

Adrián ha llegado para quedarse en la élite y en nuestros corazones.

**CLASIFICACIÓN DOS MELLORES EN REGULARIDADE E GOLES**

Trofeo Jorge Tato XUVENIL SUPERIORES			Regularidade XUVENIL SUPERIORES			Pichichi CADETE SUPERIORES			Regularidade CADETE SUPERIORES			Pichichi INFANTIL SUPERIORES			Regularidade INFANTIL SUPERIORES		
Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.
DAVID	RC Villalbés	5	LÓPEZ	RC Villalbés	8	LOMBA	CD Lugo	3	MIGUEL	Milagrosa	9	XOEL F.	Viveiro CF	4	XOEL FERRO	Viveiro CF	8
SCHUSTER	CD Lugo	4	DIEGO	Viveiro C.F	7	BORJA	CD Lugo	3	ADRIÁN	Viveiro CF	7	JOSE	CD Lugo	3	MATEO	Viveiro CF	4
XOEL EJO	Viveiro C.F	4	DAVID	RC Villalbés	5	AYMAN	CD Lugo B	3	MARTÍN	RC Villalbés	6	ANDRÉ	CD Lugo	2	JAVI B.	Viveiro CF	3
GABRI	RC Villalbés B	3	MIGUEL	RC Villalbés B	5	CRISTIAN	RC Villalbés	2	DAVID	Viveiro CF	6	DIEGO	CD Lugo	2	ÁLVARO	Viveiro CF	3
GABARRE	CD Lugo	2	ROI	Residencia	5	LUIS	CD Lugo	1	HUGO	Viveiro CF	6	ADRI	Viveiro CF	2	ADRI	Viveiro CF	2
GABRI	RC Villalbés	2	SPEEDY	RC Villalbés	4	MANEL	CD Lugo	1	HUGO	RC Villalbés	5	DANI	CD Lugo	2	RAFA	Viveiro CF	1
YAGO	CD Lugo	1	NOEL	RC Villalbés B	4	HUGO	CD Lugo B	1	DIEGO	Milagrosa	4	XAVI I.	CD Lugo	1	DAVID DIAZ	Viveiro CF	1
MARTÍN	CD Lugo	1	CONDE	Residencia	4	BUIDE	CD Lugo B	1	BUIDE	CD Lugo B	3	RAÚL V.	CD Lugo	1	-	-	-
GÓMEZ	CD Lugo	1	XAIRO	RC Villalbés	3	MANUEL	CD Lugo B	1	RAFA	Milagrosa	3	BRUNO	CD Lugo	1	-	-	-
ÓSCAR	CD Lugo	1	GABRI	RC Villalbés	3	DIEGO	Milagrosa	1	JUAN	Milagrosa	3	DAVID DIAZ	Viveiro CF	1	-	-	-
DAMIÁN	CD Lugo	1	GABRI	RC Villalbés B	3	RAFA	Milagrosa	1	CARLOS	RC Villalbés	3	XOEL P.	Viveiro CF	1	-	-	-
ROSÓN	CD Lugo B	1	IAGO	RC Villalbés B	3	CABARCOS	Milagrosa	1	LUCA	Viveiro CF	3	SAMUEL	Viveiro CF	1	-	-	-
ASIER	CD Lugo B	1	NICO	RC Villalbés	2	CARLOS	RC Villalbés	1	MANU F.	CD Lugo B	2	PEPE	CD Lugo	1	-	-	-
SAMU	CD Lugo B	1	BUJÁN	RC Villalbés	2	ÓSCAR	RC Villalbés	1	DIEGO	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
RODRIGO	CD Lugo B	1	PEDRO	RC Villalbés B	2	CADRA	RC Villalbés B	1	AMADO	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
JAVI	CD Lugo B	1	LÓPEZ	RC Villalbés B	2	IAGO	RC Villalbés B	1	ÁLEX G.	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
MANU	CD Lugo B	1	YOEL	Residencia	2	ADRIÁN	Viveiro CF	1	MARTÍN	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
HERRERO	CD Lugo B	1	GARCIA	Residencia	2	MENDAÑA	Viveiro CF	1	LUCAS	Viveiro CF	2	-	-	-	-	-	-
MARTÍN	RC Villalbés	1	IAGO	Residencia	2	HUGO	Viveiro CF	1	PABLO	Viveiro CF	2	-	-	-	-	-	-
MARÍN	RC Villalbés	1	TRASI	Viveiro C.F	2	JAVI	Viveiro CF	1	ALBERTO	RC Villalbés	2	-	-	-	-	-	-
ABEL	RC Villalbés B	1	DANI	RC Villalbés B	2	-	-	-	ROSON	CD Lugo B	1	-	-	-	-	-	-
YAGO	Residencia	1	ASIER	RC Villalbés	2	-	-	-	CRISTIAN	Milagrosa	1	-	-	-	-	-	-
CONDE	Residencia	1	MARTÍN	RC Villalbés	1	-	-	-	HUGO	Milagrosa	1	-	-	-	-	-	-
FONSECA	Residencia	1	ANXO	RC Villalbés	1	-	-	-	JUAN	Milagrosa	1	-	-	-	-	-	-
IVÁN	Residencia	1	CABADO	RC Villalbés B	1	-	-	-	MIGUEL	Milagrosa	1	-	-	-	-	-	-
TRASI	Viveiro C.F	1	IVÁN RAÚL	RC Villalbés B	1	-	-	-	JAVI	RC Villalbés	1	-	-	-	-	-	-
BORJA	Viveiro C.F	1	DAVID	Residencia	1	-	-	-	MARIO	RC Villalbés	1	-	-	-	-	-	-
JORGE	Viveiro C.F	1	ADRI	Residencia	1	-	-	-	MARCOS	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-
JUAN	Viveiro C.F	1	LIS	Residencia	1	-	-	-	VEIGA	Viveiro CF	1	-	-	-	-	-	-



# O Lugo engánchase no vagón de cabeza da Liga Galega

**TERCEIRA VITORIA CONSECUTIVA** dos de Jony, que suman por triunfos os catro encontros, ante o Ferrol con remontada



Árbitro: Jorge Méndez, Anal Vázquez e Adrián Estraviz. Campo: Rodríguez Lago 2

O Lugo engánchase de cheo ao vagón de cabeza da Liga Galega infantil tralas primeiras cinco xornadas nas que os lucenses suman unha derrota

e catro vitorias. A última ante o Rácing de Ferrol nas Gándaras, onde os de Jony levan pleno de puntos nos tres encontros disputados.

O Rácing de Ferrol ven-

deu cara a derrota e ata chegouse a adiantar no marcador ao comezo da segunda parte, co momento un a dous que reflectía o marcador.

Na primeira parte o Lugo tivo o control do partido e por momentos monopolizou a posesión do balón, algo que aos visitantes tampouco lles importaba ao ter xogadores moi rápidos arriba cos que buscaban as contras.

Dani inaugurou o marcador no ecuador da primeira parte tras un centro lateral de Fio no que aproveitou un rexeite na área, pero sen marxe case para asimilalo chego o empate ferrolán tras unha rápida

**“VIUSE UN BO PARTIDO NO QUE SEGURO NOS QUEDAMOS CON MOITAS COUSAS POSITIVAS”**

JONY - CD Lugo

transición.

Nada máis empezar a segunda parte, o Rácing de Ferrol volveu explotar a velocidade dos seus puntas cun balón ás costas da defensa que desencadeou no un a dous.

A partir de aí, sen perder a calma, o Lugo tomou de novo o mando. Empatou cun remate de Diego desde fóra da área, púxose por diante cun novo gol de Dani e Omar serviu case en bandexa o cuarto para Jose.



Fio trata de superar a entrada dun xogador ferrolán



Pepe sacando o balón xogado dende atrás



Dani acomodándose ao balón antes de asinar un dos goles

# O inicio da segunda parte dilapidou as opcións celestes

**O VIVEIRO CHEGOU AO DESCANSO CON CERO A CERO** no marcador ante un Bertamiráns moi físico que rachou o encontro con tres goles tralo paso polos vestiarios



O celeste Juan coa pelota nun encontro desta tempada



Árbitro: David Jimenez, Manuel Martínez e Raúl López. Campo: Municipal Marcos Gómez

O Viveiro terminou o encontro que lle mediou co Bertamiráns no Municipal Marcos Gómez con mellores sensacións do que indica o marcador final, xa que o un a cinco semella excesivo pese a medirse os de Fidi a un rival moito máis físico que os celestes.

Ao descanso chegouse co cero a cero inicial, tras uns primeiros corenta minutos nos que as forzas estiveron igualadas. O Bertamiráns tivo o balón, pero a orde defensiva do Viveiro propiciou que os visitantes apenas tivesen ocasións claras de gol ante Álvaro.

## 8'

**TRES GOLES** Nos primeiros oito minutos da segunda parte o Bertamiráns inaugurou o marcador, ampliou a diferenza e sentenciou o encontro

## 4

**CAMBIOS** Os catro xogadores que entraron na segunda parte déronlle osíxeno ao equipo e demostraron que a competencia por ter unha praza no once inicial está poñéndose moi cara

puntos.

O máis sinxelo sería baixar os brazos e borrarse do encontro na segunda parte, pero o Viveiro repúxose, recortou distancias cun gol de falta directa de Adrián e estivo a piques de meterse na loita polos puntos nunha acción na que se reclamou penalti por man dentro da área dun defensa visitante que o colexiado non considerou voluntaria.

Co un a catro o partido quedou visto para sentença e o un a cinco chegou xa co tempo cumprido tras unha contra visitante.

Na próxima xornada o Viveiro visita ao Sálvora, que o ano pasado acadou o ascenso xunto cos celestes.

**“COMPETIMOS GENIAL A LO LARGO DE CUARENTA MINUTOS ANTE UN MUY BUEN RIVAL. SEGUIMOS MEJORANDO INDIVIDUAL Y COLECTIVAMENTE”**

FIDI - Viveiro

mentres que en ataque o Viveiro daba sensación de perigo cada vez que saía á contra aínda que faltou claridade no último pase para poder inaugurar o marcador na primeira parte.

Nada máis empezar o segundo tempo, no primeiro disparo a porta, o Bertamiráns fixo o cero a un, e sen tempo para a reacción, tan só tres minutos despois, chegou o cero a dous e aos oito de xogo da segunda parte o cero a tres co que os visitantes puxeron rumbo fixo cara aos tres

# O Burela quédase só no máis alto do Grupo Norte infantil

**EMPATE ENTRE PERSEGUIDORES** Viveiro B e Ribadeo asinaron táboas no Marcos Gómez. A Milagrosa, no Grupo Centro, o primeiro "grande" que está en apuros

O Burela consolidase no primeiro posto do Grupo Norte tras impoñerse ao EF Viveiro por catro goles a un e aproveitar o empate entre os seus dous principais rivais ata a data polo primeiro posto. Viveiro B e Ribadeo.

No mesmo Grupo Norte o Castro segue opoñendo a ser un candidato para estar nunha das tres primeiras prazas tras impoñerse en Valadouro.

**Grupo Centro**

A Milagrosa é o primeiro equipo dos teoricamente grandes que se atopa xa a estas alturas de tempada en apertos para clasificarse para o Provincial. Os de Madriles perderon o seu segundo encontro consecutivo en Frigsa e a clasificación ponse cara no grupo da morte, no que segue mandando a Residencia.

amente grandes que se atopa xa a estas alturas de tempada en apertos para clasificarse para o Provincial. Os de Madriles perderon o seu segundo encontro consecutivo en Frigsa e a clasificación ponse cara no grupo da morte, no que segue mandando a Residencia.

**Grupo Sur**

Piringalla A, Antas e Becerreá suman os seus partidos por vitorias e postúlanse como principais aspirantes ás tres prazas que dan acceso directo para disputar o Provincial.



Nacho conducindo o balón ante a presión de Mateo

Pichichi INFANTIL PROVINCIAL			Regularidade INFANTIL PROVINCIAL		
Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.
CARLOS	SP Pontenova	11	LUIS	Foz	12
JAVI	Becerreá	9	GONZALO	Milagrosa	9
BALADO	Castro	8	PELAYO	Fonsagrada	8
KUNHUEVO	Ribadeo	8	SANDRA	Río Ouro	8
JORGE V.	Antas	7	DAWIT	Sagrado	8
FRANKLIN	Burela	7	CARLOS	Sarriana	8
LUIS	Foz	7	BORJA	Burela	7
MONTERO	Corgo	6	BALADO	Castro	7
RODRÍGUEZ	Palas	6	JOSE	Castro	7
CARLOS	Villalbés A	6	JOEL	Ferrovial B	7
NICO	CD Lugo B	5	CHRIS	Piringalla B	7
JULIO	Residencia A	5	EFREN	Antas	6
OSCAR	Ribadeo	5	ALEX	Antas	6
MARTÍN	Ribadeo	5	JAVI	Becerreá	6
RICARDO	Villalbés A	5	YERAI	Casás A	6
ALEX	Antas	4	AROA	Casás A	6
PORTU	Antas	4	NICO	Fonsagrada	6
DEIVID	Becerreá	4	DANI M.	Guitiriz	6
ANDRES	Becerreá	4	XIAN	Piringalla A	6
BORJA	Burela	4	ÓSCAR	Residencia A	6
TEO	Milagrosa	4	ANDRES	Becerreá	5
MATÍAS	Viveiro B	4	ALEIXO	Burela	5
SASHA	Viveiro B	4	AARÓN	Castro	5
HUGO	Antas	3	JUAN	Corgo	5
NACHO	Antas	3	MONTERO	Corgo	5
MATEO	Burela	3	MAGÍN	Corgo	5
DAVID	Castro	3	ANTÓN	Foz	5
ALEJANDRO	CD Lugo B	3	BRAIS	Guitiriz	5
JUAN	Corgo	3	NOEL	Palas	5
SAMU	Ferrovial A	3	DIEGO V	Piringalla A	5
MATEO	Milagrosa	3	JESUS	Polvorín B	5
SIMON	Polvorín A	3	JULIO	Residencia A	5
NICO	Polvorín A	3	KUNHUEVO	Ribadeo	5

## INFANTIL PROVINCIAL NORTE

### O Ribadeo reaccionou a tempo para salvar un punto no Marcos Gómez

SD VIVEIRO B	2
SD RIBADEO	2
Mateo	Canana
Gabriel	Rolle
Xoel	Adri
Mauro	Oscar
Sasha	Edgar
Claudio	Martin
Matias	Kunhuevo
Iago	Kevin
Diego	Brais
Pablo	Diego
Unai	Mateo Braña
Iago	Capi
Israel	David Braña
Alejandro	Pajarito
Justin	
Novoa	

Goles: Martín e Kunhuevo para o Ribadeo, Sasha e Xoel Pigeiras polo Viveiro B.

Árbitro: POLO FERNANDEZ JUAN CARLOS

**2-0**

**CERO AO DESCANSO** Sasha e Xoel Pigeiras adelantaron ao Viveiro B, pero Martín e Kunhuevo empataron tralo descanso

**"RESULTADO POSITIVO UNICAMENTE GRAZAS Á ENTREGA, SACRIFICIO E RAZA QUE MOSTRARON OS NOS NENOS DA SD RIBADEO"**

DONATO - SD. Ribadeo



Brais, porteiro da Pontenova, xogando o balón co pé

### O Guitiriz non puido manter a renda de dous goles coa que chegou ao descanso

RC VILLALBÉS B	2
GUITIRIZ	2
Xavi	David
Miguel	Mario
Hugo Rico	Anxo
Mario	Iván
Sergio	Xabi
Raúl	Adrián
David López	Dani M.
Fabián	Dani Carral
Alex	Asier
David Pardo	Alexander
Israel	Estevo
Alejandro	Brais
Martin	Javi
Héctor	Hugo
	Lolo

Goles: Dani Morandeira e Estevo marcaron para o Guitiriz, Hugo Rico e Alex para o Villalbés B.

Árbitro: GACIO CARREIRA XOEL

**"GRAN TRABAJO Y ESFUERZO DE TODOS LOS JUGADORES PARA PODER EMPATAR EL ENCUENTRO"**

FRAN - RC. Villalbés B

**"ESTIVEMOS BEN, PERO NON FOMOS CAPACES DE PECHAR O ENCONTRO E O RÁDING VILLALBÉS B REACCIONOU A TEMPO PARA PODER SUMAR UN PUNTO"**

RAMÓN - Guitiriz

### O Foz, que segue sen perder, estrenou a conta de vitorias esta tempada

CD FOZ	5
SP PONTENOVA	4
Xabi	Brais
Francisco	Rubén
Erik	David
Nicolás	Marcos
Dylan	Ismael
Sergio	Iker
Xoel	Samuel
Raúl	Mara
Gabriel	Paula
Luis	Carlos
Joao	Mario
Antón	Bruno
Rubén	Yerau
Maxi	Jonathan
Lucas Sevilla	Kevin
	Miguel

Goles: Carlos (3) e Iker para a Pontenova, Sergio e Luis (4) polo Foz.

Árbitro: RÓN VALLE, ANGEL

**"NESTE ENCONTRO VOLVEU QUEDAR CLARO QUE TODO ESFORZO TEN A SÚA RECOMPENSA"**

LILLO - CD. Foz

**4**

**GOLES DE LUIS** o dianteiro do Foz foi determinante nos últimos metros para os locais coma tamén o foi Carlos para o Sporting Pontenova ao rematar o encontro cun hat trick

### O Burela SD xa manda en solitario con pleno de vitorias nas catro xornadas

BURELA SD	4
EF VIVEIRO	1
Unai	Iker
Jorge	Rodri
Nore	Pablo
Aleixo	Lucas
Saúl	Antón
Pablo Balseiro	Balsa
Borja	Rivera
Mateo	Nico
Franklin	Erik
Pablo Méndez	Oscar
Iago Losada	Axel
Iago Ramos	Saouhail
Diego	Sebas
Félix	Ze Carlos
Pablo Vispo	Youvenni
Raúl	Rolle

Goles: Iago Ramos, Franklin e Borja (2) para o Burela, Oscar para o Viveiro.

Árbitro: MENDEZ MOREDA, DAVID

**"A FALTA DE INTENSIDADE, CONCENTRACIÓN E TAMÉN DE HUMILDADE POLA NOSA PARTE FAN QUE BAIXEMOS O NIVEL DE XOGO"**

ÁNXL - Burela SD.

**"ESTAMOS TRABALLANDO MOI BEN, OS RESULTADOS CHEGARÁN MÁIS CEDO QUE TARDE, ESTOU SEGURO"**

MARCOS - EF. Viveiro

### O Castro segue opoñendo a un posto para disputar o campionato Provincial

RÍO OURO	1
CD CASTRO	6
Anxo	Cando
Sabela	Xabi C.
Aarón	Marcos
Diego	Xabi T.
Héctor	Juan David
Laura	Aarón
Adrián	Gael
Dani	David Balado
Hugo	Isaac
Carlos	Jose
Sandra	Vidal
Gabi	Adai
Ángel	Mario
Sergio	Iker
Ilena	Raúl
Julián	Alex

Goles: David Balado (2), Jose (2), Aaron e Vidal para o Castro, Diego para o Río Ouro.

Árbitro: MARFUL CAMPOS JORGE

**"SEGUIMOS MEDRANDO COMO EQUIPO"**

JULIO - Río Ouro

**"CREO QUE DISPUTAMOS UN PARTIDO MOI BO POLA NOSA PARTE"**

DUMI - CD. Castro

**2**

**GOLES** Os chairegos David Balado e José anotaron cadanseu dobrete no triunfo a domicilio do seu equipo

## INFANTIL PROVINCIAL CENTRO

**Partido condicionado pola inferioridade numérica local dende a media hora inicial**

<b>FERROVIARIA A</b>	<b>1</b>
<b>CD LUGO B</b>	<b>3</b>
Samu	Castro
Caxide	Adrián
Almoína	Brais
Duarte	Daniilo
Dani	Manu Cabana
Lucas	David
Quintela	Xabi Valiña
Flores	Lucas
Leo	Javi
Fran	Nico
Isma	Antoni
Aitami	Adrián Pérez
Blanca	Jairo
Ian	Saúl
Gabi	Jesus
Bruno	Mateo

**Goles:** Leo para a Ferroviaria. Javi, Adrián e Nico para o Lugo B.  
**Árbitro:** VAZQUEZ EXPOSITO ANAI

**“EN BASE EL ARBITRAJE DEBE SER MÁS EDUCATIVO QUE PUNITIVO. SE TIENE QUE TENER CLARO QUE SE JUZGA A NIÑOS, NO A ADULTOS”**

JAVI BAAAMONDE - Ferroviaria

**“A EXPULSIÓN DO XOGADOR DA FERROVIARIA CONDICIONOU O RESTO DO ENCONTRO”**

BRUNO - CD. Lugo B

**A Residencia pega primeiro no duelo de aspirantes a todo esta tempada**

<b>RESIDENCIA A</b>	<b>2</b>
<b>EF POLVORIN A</b>	<b>0</b>
David	Adam
Alexito	Martin Doval
Oscar	Adrián
Nacho	Antón
Xabi	Mateo López
Xavi	Santi
Cillero	Mateo Prado
Abuín	Nico
Julio	Martin F.
Mateo	Luca
Ángel	Simón
Rober	Manu López
Iago	Saúl
Anxo	Bruno
Asi	Hugo
	Alex Abuín

**Goles:** Julio e Cillero marcaron para a Residencia.  
**Árbitro:** CABANAS PARRADO JOSÉ LUIS

**“FOI UN PARTIDO BASTANTE RARO POLA NOSA PARTE ¡FELIZ SAN FROILÁN!”**

KAISER - Residencia A

**“ESTE TIPO DE PARTIDOS SE TIENE QUE JUGAR CON EL TRABAJO DE TODA LA SEMANA, SI NO ES IMPOSIBLE COMPETIR. TOQUE DE ATENCIÓN PARA LO QUE QUEDA DE TEMPORADA PARA TODOS NOSOTROS”**

CABALLERO - EF. Polvorin A



Santi, Polvorin, co balón defendido polo branquiazul Xabi

**Aitor e Aroa asinaron a vitoria do Casás no Municipal Gómez Besteiro**

<b>FONSAGRADA</b>	<b>0</b>
<b>CASÁS</b>	<b>2</b>
Paula	Jorge
Cristian	Sergio
Raúl	Samu
Rubén	Mateo
Sergio	Miguel
Nico	Aroa
David	Adri
Pelajo	Aitor
Alba	Pirata
Hugo	Yerai
Aitor	Rey
Joel	Gabri
Javi	Antón
Iria	Naty
Jairo	Isaac
	Aleix

**Goles:** Aitor e Aroa para o Casás  
**Árbitro:** ESTRAVIZ CERDEIRA ADRIAN

**2**

**VICTORIAS DE CASÁS** e ambas tras gañar a domicilio ao Sagrado Corazón e ao Fonsagrada

**“ESTOU BASTANTE CONTENTO COA MELLORÍA DO EQUIPO A PESARES DO RESULTADO”**

QUIQUE - Fonsagrada

**“AÍNDA NOS QUEDA MARXE DE MELLORA SEGUIREMOS TRABALLANDO CON VISTAS A MELLORAR SEMANA TRAS SEMANA”**

PABLO - Casás

**A Milagrosa queda case sen marxe de erro tras perder o segundo encontro seguido en Frigsa**

<b>MILAGROSA</b>	<b>3</b>
<b>RC VILLALBÉS A</b>	<b>4</b>
Anxo	Antón
Martin	Rubén
Javi	Alexo
Brais	Borja
Xoel	Iago
Gonzalo	David G.
Sufu	Noelia
Marcos	Rego
Mateo	Toni
Hugo	Ricardo
Teo	Carlos
Moha	Pedro
Diego	Leo
Aaron	Antón
Pumar	Edu
Alex	Diego

**Goles:** Teo (2) e Alex para a Milagrosa. Toni (2) e Carlos (2) a favor de Villalbés  
**Árbitro:** LODEIRO SARRIENTO ANTON

**3**

**PRIMEIROS CLASIFICADOS** acceden directamente ao Provincial, o cuarto terá que ser o mellor dos grupos Norte, Centro e Sur

**“CARLOS MARCÓ LAS DIFERENCIAS EN ESTE ENCUENTRO”**

MADRILES - Milagrosa

**“PARTIDO BRONCO Y DURO DONDE EN EL TRAMO FINAL LOS NERVIOS Y LAS IMPRECIIONES FUERON LOS PRINCIPALES PROTAGONISTAS”**

REBOLO - RC. Villalbés A

**O Sagrado Corazón soltouse, disputou o seu mellor encontro e sumou a primeira vitoria**

<b>SAGRADO CORAZÓN</b>	<b>4</b>
<b>PIRINGALLA B</b>	<b>0</b>
Dani	Breixo
Adri	Rulo
Antón	Telmo
Iván	Jeremy
Pablo	Losada
Lucas	Cristian C.
Dawit	Chris
Iker	Adri Flores
Dani G.	Alex Rey
Zakaria	Alex A.
Manu H.	Manoel
Xabi	Iago
Pedro	Fermin
Iago	Unai
Jeremy	Xabi
Anthony	

**Goles:** Pedro, Dawit e Jeremy (2) para o Sagrado Corazón  
**Árbitro:** FERNANDEZ PITA JUAN LUIS

**4**

**PRIMEIROS GOLES** da tempada para o Sagrado Corazón. Os de Fran Fernández non viron porteria nas tres primeiras xornadas de Liga

**“HOY NOS ENCONTRAMOS A NOSOTROS MISMOS UN POCO. GRAN TRABAJO DE TODOS Y GRAN GRUPO”**

FRAN - Sagrado Corazón

**“PACIENCIA Y ESFUERZO ES LO QUE TENEMOS QUE TENER, MERCIMOS MARCAR ALGÚN GOL EN ESTE ENCUENTRO”**

JOAQUÍN - Piringalla B

## INFANTIL PROVINCIAL SUR



Román, da Piringalla, vaise por velocidade de Luis



Xiam trata de zafarse da entrada do branquiazul Jorge

**O Palas, con pleno de vitorias a domicilio, espera estrear a conta nos Chacotes**

<b>CORGO</b>	<b>3</b>
<b>PALAS</b>	<b>5</b>
Álvoro	Brais
Joel	Anxo
Carlos	Jose
Magin	Diego
Juan	Gael
Borja	Noel
Joel Illán	Javi
Paula	Martin
Montero	Rodríguez
Caldeiro	Manu
Ethan	Manuel
Adrián Illán	Hugo
Laura	Julen
	Lombao

**Goles:** Montero, Ethan e Juan para o Corgo. Rodríguez (4) e Manu polo Palas.  
**Árbitro:** LAMUS PICÓN CARLOS

**“DERROTA SEVERA TRAS EL BUEN PARTIDO QUE CREO QUE DISPUTAMOS A LO LARGO DE LOS 80 MINUTOS”**

VIVIAN - Corgo

**“NORABOA A TODOS OS RAPACES POLO ESFORZO REALIZADO E POLO PARTIDO QUE DISPUTARON, TOCA SEGUIR TRABALLANDO PARA MELLORAR NAS PRÓXIMAS SEMANAS”**

LUIS - Palas

**A xeira triunfal do Antas demostra que os da Ulloa van en serio esta tempada**

<b>POLVORIN B</b>	<b>0</b>
<b>ANTAS</b>	<b>8</b>
Antonio	Lukas
Sergio	Xoel
Javi	Manu
Diego	Samu
Buján	Roi
Miguel	Hugo
Borja	Nacho
Jesus	Efrén
Tomas	Jorge Veiga
Lucas	Alex
Pabito	Portu
Adri	Andrés
Esteban	

**Goles:** Jorge Veiga (2), Portu, Nacho, Alex, Efrén, Manu e Hugo marcaron para o Antas.  
**Árbitro:** LODEIRO SARRIENTO ANTON

**“TEMOS QUE INTENTAR NON PERDER NUNCA A INTENSIDADE, INDEPENDENTEMENTE DO QUE PASE NO PARTIDO OU NO MARCADOR”**

SAMUEL - Polvorin B

**“PARTIDO MOI COMPLETO POLA NOSA PARTE NO QUE TIVEMOS MINUTOS DUN GRAN XOGO COLECTIVO”**

ABELAIRAS - Antas

**Póker de vitorias para unha Piringalla que segue á fronte da clasificación**

<b>PIRINGALLA A</b>	<b>2</b>
<b>RESIDENCIA B</b>	<b>0</b>
Andrés	Alejandro
Rubén	Martin
Nuno	David
Edu	Hadrían
Héctor	Antón
Teo	Pablo
Xian	Yoel
Bargados	Jorge
Hugo	Jorge B.
Román	Miguel
Álvoro	Luis
Ian	Antón
Samuel Carballo	Pablo
Hugo Garcia	Samuel
Raúl	Juan Diego
	Sergio

**Goles:** Xian e Román a favor do Piringalla  
**Árbitro:** DA CUNHA LOPEZ JOSE CARLOI

**“A INTENSIDADE DURANTE OS OITENTA MINUTOS DEUNOS OS TRES PUNTOS”**

JUAN - Piringalla A.

**4**

**VICTORIAS** a Piringalla é líder en solitario tras sumar por vitorias os catro encontros disputados, nos que os de Juan asinaron 14 goles a favor e tan só recibiron 2 en contra

**O Becerreá asalta a Ribela e métese no corte do Provincial con pleno de puntos**

<b>SARRIANA</b>	<b>4</b>
<b>BECCERREÁ</b>	<b>5</b>
Alex	Mito
Adri	Dani
Carlos	Diego
Pablo	Unai
Adam	Alejo
Oscar	Adrián
Iago	David
Nico	Dorado
Santi	Claudio
Alejandro	Andrés
Nico	Javi
Tomas	Borjita
Unai	Alex
Adrián	Hugo
Fran	
Manu	

**Goles:** Javi (2), David, Andrés e Claudio para o Becerreá. Carlos, Adam, Santi, Alex pola Sarriana.  
**Árbitro:** GUEIMONDE MENDEZ SUSANA

**“PARTIDO QUE NOS SERVE PARA APRENDER DOS ERROS QUE COMETEMOS. ESPERAMOS CORRIXILLOS E NON VOLVER A COMETELLOS”**

RAÚL - Sarriana

**“EL EQUIPO COMPLETÓ UN GRAN PARTIDO A LO LARGO DE LOS OCHENTA MINUTOS PARA LLEVARLOS LOS TRES PUNTOS EN JUEGO”** NICO - Becerreá

# A familia do colectivo arbitral lucense segue medrando

**A ÚLTIMA XERACIÓN DE COLEXIADOS XA PREPARA O DESEMBARCO SOBRE OS TERREOS DE XOGO** tras realizar as prácticas de campo esta pasada fin de semana en Guntín. O novo curso para todos os interesados arrinca o 6 de novembro

Cada fin de semana disputanse na Provincia de Lugo unha media que ronda os 150 partidos de fútbol entre as categorías sénior, veterana e fútbol base, aos que se engadirán un centenar de encontros máis nas próximas datas co inicio das competicións de fútbol oito, alevín, benxamin e prebenxamin. En total a semana sobe ata os 250 partidos cada fin de semana.

Todos eles dirixidos por árbitros federados e debidamente formados nos diferentes cursos que pon en marcha o colexio de árbitros de Lugo, da man da Federación Galega de Fútbol.

A última fornada está preparada para debutar sobre o céspede unha vez realizados esta fin de semana as prácticas de campo, que se levaron a cabo o pasado sábado no Municipal Suso Cruz de Guntín coa presenza de dous referentes do arbitraje lucense como son Tania Fente e Álvaro Valín, acompañados polo delegado dos árbitros en Lugo, Óscar Fernandez.

Os nove aspirantes a colexiados que fixeron esta fin de semana as prácticas de campo

## O COLEXIO DE ÁRBITROS DE LUGO BUSCA EQUIPOS PARA DIRIXIR OS SEUS ADESTRAMENTOS E CONTINUAR COS POSTA A PUNTOS DOS COLEXIADOS

realizaron o último curso que se impartiu en Lugo. Agora buscan clubs e equipos aos que poidan arbitrar en adestramentos, como xa fixeron a pasada tempada co CD Lugo e a Residencia, para ultimar a súa posta a punto antes de debutar como colexiados en encontros oficiais de fútbol base.

Os 250 partidos requiren unha ampla armada de árbitros. Actualmente A Mariña lucense é a zona máis necesitada de árbitros na Provincia. En Monforte colexiáronse recentemente catro árbitros, polo que se emendou un pouco o déficit, mentres que en Lugo con esta nova fornada e co curso intensivo que empezará a principios de Novembro, poden garantir a calidade e cantidade dos árbitros necesarios.



**Charlas de Novidades**  
O colectivo arbitral está cada vez máis integrado no fútbol. Moita culpa diso tena o cambio de política e achegamento dos propios árbitros a equipos e xogadores. As charlas de Novidades impartidas polos árbitros aos clubs nas súas propias sedes ou instalacións seguen achegando aos colexiados a xogadoras e directivos.

Os bos resultados des-

tas charlas teñen continuidade, xa que o vindeiro luns 14 de novembro a partir das 20:00 horas, na sede da Federación Galega de Fútbol en Lugo, terá lugar unha charla entre os delegados dos equipos e os árbitros.

Todo isto para integrar un pouco máis se cabe a labor arbitral e normalizar as relacións para que todas as partes saian beneficiadas nos 250 partidos previstos cada semana no fútbol Provincial.



**REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL**  
Comité Galicia de Árbitros

## NON QUEDES FÓRA DE XOGO, FAITE ÁRBITR@

- Curso de iniciación
- Formación teórica e práctica
- Equipación deportiva completa
- Acreditación para entrar en todos os campos de fútbol
- Retribución económica
- Seguro de accidentes e lesión deportiva

**CURSO INTENSIVO DE ÁRBITRO LUGO**

Avenida de Bregán, 37 - Entreplanta CP 27004  
 981 900 600 689097243  
 lugo.arbitros@futgal.es

**Sede Central**  
Estr. N.º 10 de San Lázaro, porta 4  
15701 Santiago de Compostela  
comite.arbitros@futgal.es

**A Coruña**  
Edificio de Escolas 3 - Bazo  
CP 15005  
coruna.arbitros@futgal.es

**Santiago de Compostela**  
Estr. N.º 10 de San Lázaro, porta 4  
CP 15701  
santiago.arbitros@futgal.es

**Ourense**  
Rúa Vitoriano, 6-8 anexo 2  
CP 32002  
ourense.arbitros@futgal.es

**Pontevedra**  
Praza de Caserio, 1 - Bazo  
CP 49100  
pontevedra.arbitros@futgal.es

**Ferrol**  
Avenida de Etxebarri, 62-64  
CP 42000  
ferrol.arbitros@futgal.es

**Vigo**  
Marxal de Castro, 40 - Entreplanta  
CP 36200  
vigo.arbitros@futgal.es

**Boia**  
Centro Social de Boia  
Rúa Principal, 9/A, CP 15900  
boia.arbitros@futgal.es

**A Costa da Morte**  
Centro Provincial de Bazo  
Rúa do Mar, 9/A, CP 27100  
costadamorte.arbitros@futgal.es

**Ferrol**  
Rúa do Mar, 10 - Entreplanta  
CP 42000  
ferrol.arbitros@futgal.es

**Lugo**  
Complejo Deportivo San Alonso  
Avenida José María, 40, CP 27000  
lugo.arbitros@futgal.es

**Monforte**  
Rúa Principal, 1/A, CP 27400  
monforte.arbitros@futgal.es

www.futgal.es

## CURSO ÁRBITROS

### O NOVO CURSO INTENSIVO DE ÁRBITROS ARRINCA A PRINCIPIOS DE NOVEMBRO NA SEDE DA FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL

Nas próximas datas abírense o proceso de inscrición para realizar un novo curso intensivo de árbitros en Lugo. Todos os interesados poden solicitar información independentemente da idade e sexo dos aspirantes. O curso dura entre mes e mes e medio con clases semanais de regras do xogo con explicacións mediante vídeos na súa primeira fase, pasando a prácticas de campo posteriormente e iniciándose en partidos amistosos e adestramentos antes de comezar en encontros oficiais de fútbol base.

O curso de iniciación conta cunha ampla listaxe de beneficios para os que o realicen, como poden ser a formación teórica e práctica, equipación deportiva completa, acreditación para entrar en todos os terreos de xogo, retribución económica polos encontros dirixidos e un seguro de accidentes e lesións deportivas.

Sen unha idade de inicio estipulada oficialmente, os inscritos máis novos roldan os 14 anos de idade. Cada vez son máis as mulleres que se interesan polo mundo da arbitraje

# 6

**NOVEMBRO** dará comezo o próximo curso intensivo de árbitros en Lugo. O prazo de inscrición abírense a próxima semana para todos aqueles interesados en iniciarse no mundo da arbitraje

# 45

**DÍAS** Entre mes e mes e medio ten de duración cada curso intensivo. Co estudo do regulamento, explicación de xogadas con vídeo e prácticas de campo antes de dirixir os primeiros partidos

e cada vez son máis as que superan os cursos de formación e se adentran no mundo do fútbol dende a arbitraje, polo que xa non é novidade ver cada fin de semana mulleres arbitrando encontros de diferentes categorías, chegando incluso a tempada pasada a verse por primeira vez un partido de Liga Galega dirixido por un trio arbitral formado por mulleres.

# Tan só dous partidos disputados co parón das Ligas Norte e Sur

O CD CASTRO, NO GRUPO CENTRO, mantense no liderado pese a ceder por primeira vez puntos esta temporada tralo empate na Cheda ante a Residencia B

O triunfo da Piringalla fronte á Ferroviaria e o empate entre Residencia B e Castro foron a única representación cadete provincial esta fin de semana. A competición nas Ligas Norte e Sur reanudarase o vindeiro día 20 logo de dúas semanas de parón, mentres que o encontro que pecha a cuarta xornada do grupo Centro, o Casás - Polvorín, xogarase mañá a partir das 17:00 horas en Montirón.

O derbi capitalino que mediu a Ferroviaria e Piringalla quedou visto para sentenza xa na pri-

meira parte, logo do 0-6 co que se chegou ao intermedio. Manu foi o autor de sete dos dez goles do conxunto laranxa.

Os de Luis Agra colócanse no segundo chanzo da táboa á espera do que faga o Polvorín e, de gañar a próxima fin de semana, igualarían a puntos co líder, Castro, que gozará da súa xornada de descanso. A Ferroviaria, pola súa banda, medirase ao Sagrado Corazón.

No outro partido xogado onte, o Castro deixou escapar dous puntos da Cheda fronte á Residencia B. Pese a adelantarse mediada

a primeira parte grazas a un gol de Manu, os chaires non foron quen de facerse co control do xogo e o conxunto branquiazul devolveu as táboas ao marcador pouco despois.

Con todo por decidirse na segunda metade, a igualdade mántivose tralo paso polos vestiarios e a Residencia adelantouse cun tanto de Álex Fernández. Nos minutos finais Manu marcaba de novo para o Castro e, pese a que ambos equipos tiveron ocasións para levarse a vitoria, o encontro rematou cun xusto reparto de puntos.

## 2

### ENCUNTROS

Tralo parón dos grupos Norte e Sur e o aprazamento do partido entre Casás e Polvorín, esta fin de semana tan só se disputaron dous encontros na liga provincial cadete

## 7

### GOLES

Manu, da Piringalla, destaca como pichichi da xornada tras anotar ata sete veces no encontro que mediu ao seu equipo contra a Ferroviaria

Pichichi CADETE PROVINCIAL			Regularidade CADETE PROVINCIAL		
Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.
MANU	Castro	8	ERIK	Resi B	9
MANU	Piringalla	7	MANU	Castro	8
MANU	Resi A	5	FRAN	Sagrado C.	7
ÁLEX	Ribadeo	5	JAVI	Polvorín A	6
CRISTOBAL	Piringalla	4	SEBAS	Resi A	6
HUGO S.	Burela	3	ALONSO	Resi B	6
IVÁN	Burela	3	MIGUEL A.	Ribadeo	6
ABUÍN	CD Foz	3	NACHO	Sarriana	6
NICO	Ribadeo	3	IAGO	Becerreá	5
CARLOS	Becerreá	2	DIGUI	Ferroviaria	5
S. OTERO	Becerreá	2	AYOUB	Lourenzà	5
AARÓN	Burela	2	ADAN	Piringalla A	5
IVÁN	Casás	2	IVÁN	Casás	4
IVÁN	Castro	2	CARLOS	CD Foz	4
RATOEIRA	Lourenzà	2	MAURO	Ferroviaria	4
RODRI	Monterroso	2	NICO	Monterroso	4
YAGUITO	Polvorín A	2	SIMÓN	Piringalla B	4
DAVID	Polvorín A	2	VICENTE	RC Villalbés B	4
JOSE	Polvorín A	2	FUSTES	Viveiro	4
FER	Polvorín A	2	SERGIO	Viveiro	4
NICO	Resi A	2	CARLOS	Becerreá	3
CERNUDA	Resi A	2	YAGO	Burela	3
RODRI	Resi A	2	ELOY	Casás	3
ERIK	Resi B	2	DANI	Casás	3
ÁLEX	Resi B	2	SERGIO	Castro	3
FERNANDO	Burela	1	LUCAS	Castro	3
ELOY	Casás	1	DAVID	Castro	3
BRAIS	Castro	1	ABUÍN	CD Foz	3
DAVID R.	Castro	1	ANSEDE	Ferroviaria	3
VIDAL	Castro	1	EDU	Lourenzà	3
ANDRÉS	CD Foz	1	RIVAS	Lourenzà	3
ABRAHAM	CD Foz	1	MANU	Monterroso	3
JOSE M.	CD Foz	1	ISMA	Monterroso	3
ANSEDE	Ferroviaria	1	CELA	Piringalla	3
ROMÁN	Lourenzà	1	CRISTIAN	Piringalla A	3

## CADETE PROVINCIAL CENTRO



Candela, Ferroviaria, dentro da área seguida de Hugo



Marko trata de protexer o coiro presionado por Hugo



Iván trata de irse co balón controlado ante Nico e Hugo

### A Piringalla deixou o encontro visto para sentenza xa na primeira parte

FERROVIARIA	0
PIRINGALLA A	10
Carmelo	Iker
Amadeo	Mateo
Lucas	Hugo
Alberto	Noe
Orozco	D. Lorenzo
Brais	Ángel
Raúl	Adán
Diego	D. Barreiro
Antia	Cabana
Ansede	Cristóbal
Mauro	Manu
Candela	Cristian
Brais Ouro	Joel
Marko	
Miñocas	
Mario	

Goles: Manu (7), Cristóbal (2) e Hugo marcaron pola Piringalla A.  
Árbitro: DEL OLMO BRASERO BRAIS

**"O ENCONTRO QUEDOU TOTALMENTE RESOLTO NA PRIMEIRA METADE. SUPERÁRONNOS EN INTENSIDADE. TEMOS QUE TRABALLAR MÁIS DURO PARA PODER MELLORAR"**

DIEGO - Milagrosa

**"O FÚTBOL CARECE DE IMPORTANCIA CANDO SE LESIONA ALGÚN XOGADOR. ÁNIMO ÁNGEL"**

LUIS AGRA - Piringalla A



O branquiazul Manu protexe o coiro de costas a Aimar

### A Residencia sacou un empate ante o Castro, que cedeu os primeiros puntos

RESIDENCIA B	2
CASTRO	2
Eladio	Salah
Dani	Lucas
Iván	Miguel
Nico S.	Sergio
Manu	David
Alonso	Oscar
Erik	Hugo
Hugo Dono	Brais
Álex	Manu
Santi V.	Aimar
Ivário	Iván
Quintás	Richi
Nico	Nacho
Samu Seijas	Penelas
Jonathan	Pablo
Carlos	Vidal

Goles: Manu e Álex marcaron os goles da Residencia B. Manu fixo os goles para o Castro.  
Árbitro: CARBALLA GÓMEZ JESUS MANUEL

**"ESTOU CONTENTO XA QUE OS RAPACES ESTANO FACENDO BEN, VAMOS POLA BOA LÍÑA E AGARDAMOS SEGUIR POR ESTE CAMIÑO"**

ADRIÁN V. - Residencia B

**"VIUSE UN PARTIDO MOI IGUALADO NO QUE PUIDEMOS EMPATAR GRAZAS AO CARÁCTER QUE VOLVEU DEMOSTRAR ESTE EQUIPO"**

ÁLEX VÁZQUEZ - CD Castro

# Foz, Lourenzán e Burela manteñen o pulso no máis alto

**OS TRES CON PLENO DE PUNTOS NO GRUPO NORTE XUVENIL.** No Sur, a SD Becerreá segue con ritmo de cruceiro tras impoñerse de novo con moita autoridade

Foz, Lourenzán e Burela parecen ser os tres dominadores do Grupo Norte neste inicio de curso. Os tres suman pleno de puntos nas dúas primeiras xornadas tras impoñerse a Pastoricense, Ponte-vova e Guitiriz respectivamente. Un triple empate en cabeza que se romperá seguro na próxima xornada, xa que o Foz recibirá no Municipal ao Lourenzán e na seguinte cita os de Javi Chinchón visitan a Marosa para medirse co Burela, en dúas xornadas nas que o primeiro posto pode quedar máis definido.

**Grupo Sur.**

O arrinque de tempada da SD Becerreá parece indicar que a Segunda División xuvenil se lles pode quedar moi pequena aos de Diego Díaz, que se impuxeron na primeira xornada por 10-1 ao Taboada e nesta segunda a Casás, 1-13. O Antas, que recibe ao Becerreá no Castro Seoane a próxima xornada, será o seguinte equipo en comprobar se o potencial dos da montaña é o que parece neste inicio de curso.

**Primeira División**

Xa estaba todo prepa-

rado para que arrancara a Primeira División, a competición que máis se está facendo de rogar no fútbol base lucense esta tempada e que aínda terá que agardar un pouco máis para votar a andar.

A retirada da competición a última hora do San Ciprián e do Cospeito propiciou o aprazamento da primeira xornada prevista para esta fin de semana, e como consecuencia farase un novo calendario sen estes dous equipos. Dende a Federación Galega de Fútbol comunicaron que o inicio da Primeira División Autonó-

mica xuvenil dará comezo a próxima fin de semana.

**+21**

**GOLES A FAVOR** leva o Becerreá tras disputar tan só dúas xornadas, con 23 goles asinados e tan só dous en contra

**9**

**EQUIPOS EN PRIMEIRA**

Trala baixa de Cospeito e San Ciprián, a novedosa 1ª División queda reducida a nove conxuntos e comezará, se non hai máis sorpresas, a próxima fin de semana

Pichichi XUVENIL PREVIAS			Regularidade XUVENIL PREVIAS		
Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.
ILY	Becerreá	7	ÓSCAR	Antas	6
VÍCTOR	Foz	6	SERGIO	Casás	5
DAMIÁN	Becerreá	4	MARQUÉS	CD Foz	5
SAVIO	Burela	3	LOIS	Corgo	5
YERAI	Foz	3	ÓSCAR	Guitiriz	5
ISMA	Foz	3	LUCAS	Palas	5
DIEGO	Lourenzán	3	ÁLEX	Antas	4
CATA	Becerreá	2	VÍCTOR	CD Foz	4
SOUTO	Becerreá	2	ALEX	Palas	4
IAGO	Becerreá	2	DAMIÁN	Taboada	4
BILAL	Becerreá	2	ILY	Becerreá	3
ROSÓN	Becerreá	2	ROSÓN	Becerreá	3
JUNIOR	Corgo	2	DIEGO	Casás	3
RAÚL	Corgo	2	JUNIOR	Corgo	3
JOSE	Foz	2	DANI	Guitiriz	3
MARCOS L.	Polvorín B	2	XOEL	Lourenzán	3
ÁLEX F	Polvorín B	2	XOEL	Lourenzán	3
EXTREMEIRO	Sagrado	2	CRISTIAN	Pastoricense	3
PLATAS	Sagrado	2	ALBERTO	Polvorín B	3
ALEX	Antas	1	PABLO FDEZ.	Polvorín B	3
ÓSCAR	Antas	1	ALEX F	Polvorín B	3
BEIROS	Becerreá	1	PLATAS	Sagrado	3
IVÁN	Becerreá	1	JONNY	Sagrado	3
FLAVIO	Burela	1	AZAZEL	SD Burela	3
JAIRO	Burela	1	ADRIÁN	SD Viveiro	3
CARLOS	Burela	1	CHRISTIAN	Sp. Pontenova	3
NICO	Burela	1	ADRIÁN	Sp. Pontenova	3
SAÚL	Burela	1	ANXO	Taboada	3
BRAIS P.	Burela	1	DAMIÁN	Becerreá	2
MARCO	Casás	1	CATA	Becerreá	2
AMIAMA	Casás	1	AMIAMA	Casás	2
VÍCTOR P.	Corgo	1	DÍAZ	Corgo	2
LOIS DÍAZ	Corgo	1	RAÚL	Corgo	2
MARQUÉS	Foz	1	FREIRE	Guitiriz	2
JORGE	Foz	1	JORGE	Foz	1

## XUVENIL PREVIAS COPA NORTE



O Club Deportivo Foz dirixido por Javi Chinchón posando antes dun encontro



O Burela SD antes de iniciar o encontro desta fin de semana ante o Guitiriz

**O Foz exhibiu potencial ante un rival aínda en fase de construción**

CD FOZ	11
<b>PASTORISCENSE</b>	<b>0</b>
Alonso	Pablo
Mateo	Adrián
Miguel	Rubén
Isma	Alex
Manu	Arnau
Jorge	Brais
Marqués	Iago
Jose	Cristian
Yerai	Martin
Victor	Arnau
Pita	Ivan
Alvaro	Joel
Riki	Jose
Sergio	David M.

Goles: Victor (3), Isma (3), Yerai (2), Jose (2) e Jorge para o Foz.  
Árbitro: LOSADA MENACHO/JONATHAN

**“SEGUIMOS APRENDENDO E MELLORANDO”**  
JAVI CHINCHÓN - CD. Foz  
**“PRIMER PARTIDO CON UN EQUIPO RECÍEN HECHO DONDE SE NOTA LOS POCOS ENTRENAMIENTOS QUE LLEVAMOS, NOS QUEDA SEGUIR TRABAJANDO PARA SER MÁS COMPETITIVOS EN EL FUTURO”**  
MIGUEL - Pastoricense

**O Lourenzán segue transmitindo boas sensacións neste inicio de tempada**

ED LOURENZÁN	5
<b>SP PONTENOVA</b>	<b>0</b>
Alberto	Lucas
Mario	Christian
Julian	Miguel
Barreira	Adrián
Imad	Adrao
Xoel	Luis
Veiga	Oscar
Javi	David
Aron	Carlos
Oscar	Esteban
Diego	Roberto
Pablo	Raúl
Hermida	
Victor	
Gabri	

Goles: Diego (2), Gabi, Barreira e Arón para o Lourenzán.  
Árbitro: MENDEZ MOREDA, DAVID

**“CONTINUAMOS COAS BOAS SENSACIONES E CON BASTANTE EFECTIVIDADE DE CARA Á PORTERÍA CONTRARIA”**  
IAGO - ED Lourenzán  
**“NOS HACE FALTA MUCHO MÁS ESFUERZO PARA PODER COMPETIR Y TENER OPCIONES DE PUNTUAR EN LOS ENCUENTROS QUE DISPUTEMOS”**  
CHARLIE - SP. Pontenova

**A falta de cambios no Guitiriz fixo máis levadeiro o encontro para o Burela**

BURELA SD	6
<b>GUITIRIZ</b>	<b>2</b>
Flavio	Chuca
David	Lodeiro
Balseiro	García
Borja	Fran
Eoiztz	Martino
Nico	Oscar
Saúl	Freire
Savio	Chano
Jairo	Vizo
Brais Penelo	Paulo
Azael	Adrian
Brais	
David Otero	
Lucas	
Carlos	

Goles: Jairo, Savio, Carlos, Nico, Saúl, Brais Penelo a favor do Burela. Un gol en propia porta e outro de Oscar para o Guitiriz.  
Árbitro: LÓPEZ MARTINEZ/RAÚL

**“TRABALLANDO AO LONGO DE TODO O ENCONTRO E NON BAIXANDO OS BRAZOS EN NINGÚN MOMENTO, SOMOS EQUIPO PARA COMPETIR MOI BEN”**  
FÉLIX - Burela SD  
**“BO TRABALLO DOS RAPACES, PERO O PASO DOS MINUTOS FIXO MELLA POLA CASEZ DE EFECTIVOS QUE TIVEMOS”**  
JOSE LORENZO - Guitiriz

XUVENIL PREVIAS COPA SUR



David Otero disparando a porta ante a presión de Iker



Miguel e Darko loitando pola posesión do balón



Souto asinando un dos goles ante o porteiro Quiroga

**Víctor abriu o marcador antes do descanso e o Corgo foi a máis**

<b>CD CORGO</b>	<b>5</b>
<b>SD ANTAS</b>	<b>0</b>
Hugo	Rovi
Raúl	Toño
Lois	Xurxo
Díaz	Unai
Victor	Iker
Joni	Pablito
Junior	Martin
David Otero	Cris
Victor Padilla	Darko
Ruiz	Alex
Miguel	Oscar
Hugo	Martelo

**“EN ESTE ENCUENTRO NOS COMPORTAMOS MEJOR COMO EQUIPO DEJANDO MÁS DE LADO LAS INDIVIDUALIDADES. ESTE ES EL CAMINO A SEGUIR”**

WALTER-CD Corgo

**“FALTOUNOS A ACTITUDE E O COMPROMISO QUE MOSTROU O EQUIPO O SÁBADO PASADO”**

TXIKI-SD Antas

Goles: Raúl, Junior (2), Víctor Peral e outro en propia porta polo CD Corgo.

Árbitro: LAMUS PICÓN, CARLOS ANDRÉS



Lois e Álex medindose tras un balón dividido

**Remontada ao grande dun Becerreá con case 12 goles de media por encontro**

<b>CASAS</b>	<b>1</b>
<b>SD BECERREÁ</b>	<b>13</b>
Quiroga	Anxo
Cristian	Rosón
Felipe	Comuñas
Diego	Iván
Dipese	Cata
Antonio	Jose Antonio
Sergio	Christian
Amiama	Ilu
Iván	Damián
Marco	Coral
Pablo	Iago
Xurxo	Deiros
Antón	Alex
Pablo Díez	Souto
Grilo	Javi
Brais	Pin
Bilal	Bilal

**“NOS PONEMOS POR DELANTE EN EL MARCADOR Y A PARTIR DE AHÍ NOS DESMORONAMOS. FELICITO AL RIVAL”**

JUAN - Casás

**“DA GUSTO TENER A UN EQUIPO EN EL QUE LA GENTE QUIERE ENTRENAR LESIONADA Y ENFERMA POR ENCIMA DE TODO, ESE ES EL CAMINO”**

DIEGO - SD. Becerreá

Goles: Bilal (2), Ilu (3), Damián (2), Rosón (2), Iván, Souto, Iago e Cata para o Becerreá. Amiama para o Casás.

Árbitro: PINEIRO LOZANO BRAIS

**Xusto reparto de puntos nas Gándaras con goles de Jonny e Álex Fernández**

<b>SAGRADO CORAZÓN</b>	<b>1</b>
<b>EF POLVORIN B</b>	<b>1</b>
Marcos	Cosmín
Mallo	Nico
Quintela	Lucas
Hector	Raúl
Yerau	Andrés
Eder	Alex F.
Samu	Marcos L.
Jose	Dhomi
David	Alberto V.
Extremeiro	Alfonso
Muñelo	Oscar
Eliseo	Fernando
Diego Díaz	Sergio
Jonny	Pablo F.
Joel	Mario
Dani	Fabián

**“GRAN TRABAJO DE TODO EL EQUIPO A LO LARGO DE LOS NOVENTA MINUTOS, LUCHANDO HASTA EL FINAL”**

BRUNO - Sagrado Corazón

**“SEGUIMOS SUMANDO MINUTOS Y EXPERIENCIA PARA TODOS LOS CHAVALS EN ESTE INICIO DE TEMPORADA”**

CABALLERO - EF. Polvorin B

Goles: Jonny para o Sagrado Corazón e Alex Fernández para o Polvorin B.

Árbitro: EXPOSITO FERRERAS BRIAN



Souto co balón ante a presión de Cristian, do Casás

**O Palas de Luis Mato mostrou na Medela o camiño a seguir**

<b>TABOADA CF</b>	<b>0</b>
<b>PALAS</b>	<b>4</b>
Anxo	Alberto
Gayoso	Manuel
Raúl López	Alex
Juan	Prieto
Salgado	Martinez
Damián	Lucas
Xavi	Samu V.
Artai	Samu Varela
Pacior	Isma
Pablo	Brais
Conde	Adrián López
Ramón	Luis
Leiro	Marcos
Jose Luis	

**“SEGUIMOS MELLORANDO INDIVIDUAL E COLECTIVAMENTE”**

JACOBO - Taboada CF

**“NESTE ENCONTRO ANTE O TABOADA SAÍMOS CON MOI BOA ACTITUDE, ESTIVEMOS MELLOR QUE A SEMANA ANTERIOR E MOSTRAMOS O CAMIÑO QUE PODEMOS E DEBEMOS SEGUIR”**

LUIS MATO- Palas

Goles: Alex, Ismael, Samuel Varela e Samuel Vázquez para o Palas.

Árbitro: ESTRÁVIZ CERDEIRA JORGE

CADA LUNS TODA A INFORMACIÓN DO FÚTBOL BASE LUCENSE

**LÍDER**

# VIII Edición Volante Deputación

# Rally San Froilán

**XA ESTÁ ABERTO O PRAZO PARA APUNTARSE.** As probas cronometradas para seleccionar ao gañador ou gañadora serán os vindeiros 12 e 13 de outubro no circuito da Pastoriza



Antonio Solorzano, director de PTC Escuela, Efrén Castro, Deputado Provincial de Deportes, e Elva Carreira, tenente alcalde da Pastoriza, na Presentación da VIII Edición

O Deputado de Deportes Efrén Castro, a tenente de alcalde da Pastoriza Elva Carreira e o director de PTC Escuela, Antonio Solorzano, presentaron a pasada semana no Salón de Actos da Deputación Provincial a oitava edición do programa Volante Deputación, unha iniciativa que pretende achegar a afeccionados e afeccionadas ao rally á competición automobilística.

O programa, que se desenvolve no circuito da Pastoriza os vindeiros 12 e 13 de outubro, ten dúas partes claramente diferenciadas: unha formativa, na que todos os participantes reciben un curso de condución, e outra puramente competitiva, que consiste na disputa dunhas probas cronometradas.

O premio para o gañador ou gañadora é participar no Rally San Froilán a bordo dun Suzuki SwiftSport, dentro da estrutura do equipo de competición PTC Escuela.

O deputado de Deportes, Efrén Castro, destacou que o programa "se converteu nunha referencia no mundo do motor" e destacou a posibilidade que ofrece aos afeccionados e afeccionadas que "as veces polos prezos e outras polo seu medo a dar o paso de debutar nun rally, doutra maneira, non poderían vivir esa experiencia". O deputado de Deportes puxo a iniciativa como un exemplo "de colaboración entre institucións e de posta en valor

dos recursos da provincia no ámbito deportivo".

A tenente de alcalde da Pastoriza, Elva Carreira, remarcou que a colaboración co Volante Deputación "é unha forma de que A Pastoriza estea presente nun dos rallies máis carismáticos dos que se celebran en Galicia e faino da mellor maneira posible, apoiando o deporte base".

O director de PTC Escuela, Antonio Solorzano, destacou o interese que esperta a parte formativa do programa. "Hai moita xente que asiste á selección sen o ánimo directo de optar ao premio, que saben que pode estar complicado polo bo nivel dos participantes. Aproveitan que o evento lles ofrece a posibilidade de rodar no circuito e estar en contacto con outros pilotos e ver o nivel que teñen". As probas cronometradas

realízanse en coches facilitados por PTC Escuela.

#### Inscripcións abertas

As 14:00 horas deste xoves abriuse o prazo de inscrición, que se manterá aberto ata o vindeiro venres 11 de outubro ás 10:00 horas. O formulario para anotarse pode descargarse na web de PTC Escuela. O número máximo de participantes é de 185 persoas.



Un dos gañadores do Volante Deputación ao remate das probas de selección no circuito da Pastoriza